

DEPARTAMENTO DE DEBUXO
IES AFONSO X O SABIO
CAMBRE
CURSO 2021-2022



O DEPARTAMENTO DE DEBUXO do IES AFONSO X O SABIO está composto polo seguinte profesorado:

- MARTA MOREIRA GARCÍA. Xefa do Departamento.

imparte docencia en:

1 grupo de 2º Bacherelato (Debuxo Artístico)
1 grupo de 1º Bacherelato (Debuxo Artístico)
3 grupos de 3º de ESO
3 grupos de 1º de ESO (1 de Sección Bilingüe Inglés)

- MARIA FERNANDA MOLTÓ ROIBAL.

1 grupo de 2º Bacherelato (Debuxo Técnico)
1 grupo de 1º Bacherelato (Debuxo Técnico)
2 grupos de 4º ESO
3 grupos de 3º ESO

- Debuxo 3

(docente que comparte horario co Departamento de Matematicas)
Imparte docencia en:

3 grupos de 1º ESO

Os grupos que se reparten entre os membros do departamento por materias son os seguintes:

- ✓ 5 grupos de EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL de 1º da ESO.
- ✓ 1 grupo de EDUCACION PLÁSTICA E VISUAL Sección Bilingüe Inglés.
- ✓ 6 grupos de EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL de 3º da ESO.
- ✓ 2 grupos de EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL de 4º da ESO.
- ✓ 1 grupo de DEBUXO ARTISTICO de 1º BACH.
- ✓ 1 grupo de DEBUXO ARTISTICO de 2º BACH.
- ✓ 1 grupo de DEBUXO TÉCNICO I de 1º BACH.
- ✓ 1 grupo de DEBUXO TÉCNICO II de 2º BACH.

INDICE

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

PRINCIPIOS XERAIS

- ORIENTACIÓN XERAL
- METODOLOXÍA
- PRINCIPIOS DIDÁCTIVOS
- ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS
- PROCEDEMENTO DIDÁCTICO
- ACTIVIDADES
- ATENCIÓN A DIVERSIDADE
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
- AXUSTES DE METODOLÓXICOS E AVALIACIÓN EN TODOS OS CURSOS DEBIDOS A SITUACIÓN DERIVADA DO COVID - 19

EDUCACIÓN PLASTica E VISUAL 1º ESO

✓ CONTIDOS CURRICULARES

- OBXECTIVOS CURRICULARES 1º trimestre, 2º trimestre, e 3º trimestre
- CONTIDOS 1º trimestre, 2º trimestre, e 3º trimestre
- ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS: Talleres, traballo por proxectos, materiais didácticos
- ESTANDARES DE APRENDIZAXE
- INDICADORES DE LOGRO
- COMPETENCIAS
- CRITÉRIOS DE AVALIACIÓN CURRICULAR (ORDINARIA, EXTRAORDINARIA) : sistema de calificación
- TEMPORALIZACIÓN: Os contidos preséntanse temporalizados por trimestres, aproximadamente de 24 sesións por trimestre de media.
- PENDENTES
- ACTIVIDADES PLAN LECTOR
- ACTIVIDADES PLAN TIC
- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN
- ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE REPITE CURSO
- CONTIDOS TRANSVERSAIS

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 3º ESO

- OBXECTIVOS CURRICULARES 1º trimestre, 2º trimestre, e 3º trimestre
- CONTIDOS 1º trimestre, 2º trimestre, e 3º trimestre
- ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS: Talleres, traballo por proxectos, materiais didácticos
- ESTANDARES DE APRENDIZAXE
- INDICADORES DE LOGRO
- COMPETENCIAS
- CRITÉRIOS DE AVALIACIÓN CURRICULAR (ORDINARIA, EXTRAORDINARIA) : sistema de calificación
- PENDENTES
- ACTIVIDADES PLAN LECTOR
- ACTIVIDADES PLAN TIC
- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN
- ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE REPITE CURSO
- CONTIDOS TRANSVERSAIS

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 4º ESO

- CONTIDOS CURRICULARES
- OBXECTIVOS
- CONTIDOS: 1º trimestre, 2º trimestre, e 3º trimestre
- ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS: Talleres, traballo por proxectos, materiais didácticos
- ESTANDARES DE APRENDIZAXE
- INDICADORES DE LOGRO
- COMPETENCIAS
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN (ORDINARIA, EXTRAORDINARIA) sistema de calificación
- ACTIVIDADES DO PLAN LECTOR
- ACTIVIDADES DO PLAN TICs
- PENDENTES
- TEMAS TRANSVERSAIS
- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN
- ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE REPITE CURSO
- CONTIDOS TRANSVERSAIS

DEBUXO TECNICO I E II DE BACHARELATO

- MARCO LEGAL
- DEBUXO TÉCNICO I e II. INTRODUCCIÓN
- PRIMEIRO CURSO. CONTIDOS:
 - XEOMETRÍA PLANA
 - SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN
 - NORMALIZACIÓN
- SEGUNDO CURSO. CONTIDOS:
 - XEOMETRÍA PLANA
 - SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN
 - NORMALIZACIÓN
- METODOLOXIA
- OBXECTIVOS MÍNIMOS
- CONTIDOS MÍNIMOS
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN (XUÑO, SEPTEMBRO)
- ACTIVIDADES DO PLAN LECTOR
- ACTIVIDADES DO PLAN TICs
- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

DEBUXO ARTISTICO I E II DE BACHARELATO

- MARCO LEGAL
- DEBUXO ARTISTICO I E II . INTRODUCCIÓN
- CONTIDOS:
 - ELEMENTOS E SOPORTES GRAFICO- PLASTICOS
 - PROCEDIMENTOS
 - BODEGON
 - ANATOMIA
- METODOLOXIA
- OBXECTIVOS MÍNIMOS
- CONTIDOS MÍNIMOS
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN (XUÑO, SEPTEMBRO)
- ACTIVIDADES DO PLAN LECTOR
- ACTIVIDADES DO PLAN TICs
- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

PRINCIPIOS XERAIS

ORIENTACIÓN XERAL:

Aportar ós alumnos e alumnas os coñecementos básicos da linguaxe visual e plástica necesarios para mellorar a súa capacidade expresiva e a súa formación estética, ademais de colaborar a espertar a súa sensibilidade para facerlles capaces de asimilar o entorno visual e plástico no que viven, con unha actitude reflexiva e crítica.

Tendo en conta que as relacións das persoas co seu entorno son de dobre dirección: de recepción e de emisión de mensaxes, é dicir, de experiencias proporcionadas polo entorno e de accións exercidas sobre el, os contados nesta área despéganse en dúas liñas diferenciadas: a de **saber ver** e a de **saber facer**.

- **O saber ver** pode producirse en dous niveis distintos: o da percepción visual e o da comprensión conceptual.

A percepción visual representa a primeira aproximación a obra plástica tal como é percibida pola visión natural. Nesta primeira percepción interveñen xa procesos de análise, tales como proporcións, texturas e cores.

A comprensión conceptual implica unha organización sistemática dos primeiros análises, antes citados, e de observacións máis rigorosas das obras plásticas, comparando unhas con outras, analizando as características que organizan os seus elementos, no estilo no que se encadran ou a súa propia calidade artística.

- **O saber facer** articúlase tamén en dous niveis de actividade: no da representación e no da instrumentación.
 - A representación estendese desde a máis obxectiva ata a expresión máis libre. A elección dun ou doutro tipo será racionalmente levada a cabo para abrir ó alumnado o seu campo de actuación e comprensión.

- A instrumentación refírese ó dominio dos materiais e técnicas precisa para as realizacións plásticas. Elixindo técnicas sinxelas e prácticas que permitan o desenvolvemento das destrezas pertinentes e cubrir as posibilidades de expresión.

Para acadar estes obxectivos utilizaranse as seguintes liñas:

- Distribuír nos tres cursos da Educación Secundaria Obrigatoria os contidos da área: No 1º curso desenrólanse tódolos aspectos básicos e instrumentais da área e iníciáanse os temas que teñen un tratamento máis específico no 3º e no 4º curso coordinando os aspectos conceptuais e procedimentais.
- En cada curso os temas están organizados en tres partes: a introducción e posible proposta de experiencias previas, a información básica (aportada por explicacións, fotocopias..., polo profesor) e as propostas de actividades.

A materia de EPVA de 1º, 3º de ESO e Debuxo Técnico de 1º e 2º de Bach., e a de Debuxo Artístico de 1º e 2º de Bacherelato impartirase en castelán.

A materia de EPVA de 4º de ESO impartirase en castelán.

A materia de EPVA de sección bilingüe impartirase en inglés.

Unha vez decidido en Claustro e na Comisión de Coordinación Pedagóxica. Sen embargo o profesorado será flexible, especialmente co alumnado de orixe estranxeira que tivese dificultades con algunha lingua.

METODOLOXIA

A educación é un proceso constructivo no que a actitude que manteñe o alumnado e o profesorado permite a aprendizaxe significativo. O alumnado convírtese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ou modifica el mesmo os seus esquemas de coñecemento. O profesor exerce o papel de guía e pon en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumnado cos seus novos coñecementos.

PRINCIPIOS DIDACTICOS

Como sinala o currículo da area o principal obxectivo da mesma é a instrumentación, que è o dominio das tecnicas e materiais precisos para as realizacións plásticas. Elixindo técnicas sinxelas que permitan o desenrolo das destrezas pertinentes. Para acadar estes obxectivos empregaranse as seguintes liñas: Audiovisual para que o alumnado adquira a capacidade de apreciar o seu entorno visual, tanto en relación coas obras da natureza como nas procedentes da creación humana, oa valores propios da creación visual e saber expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio desta linguaxe.

Os contidos articularanse por medio destes criterios:

- ✓ O criterio de dificultade. Organizando os contidos de modo que se comece polos de carácter máis concreto e, por ter carácter básico.
- ✓ O criterio de interese. Debe conectar cós intereses e necesidades dos alumnos, proporcionándolles de forma clara e atractiva a finalidade e a utilidade dos aprendizaxes.
- ✓ O criterio de organización cíclica. Os temas máis complexos se estudian en varios cursos seguindo unha graduación no nivel de dificultade , de forma que nos cursos máis baixos se tratan en forma de iniciación e chegase a unha especialización nos últimos cursos de esta etapa.
- ✓ O criterio de operatividade. Queda reflexado entorno á clásica formulación do “saber ver”, “saber interpretar” e “saber facer e segue os seguintes pasos: **Saber ver:**
 - Presentase a teoría correspondente a cada un dos campos de expresión visual e plástica e formalizase esa teoría en conceptos de validez permanente.
 - Aplícanse os coñecementos adquiridos na observación de novas obras con carácter exemplificados.

Saber interpretar:

- Levan ós alumnos a recoñecer os resgos que fan que unha obra teña claridade, estética ou rigor e exactitude no seu trazado.
- Conduce a coñecer a diferente valor expresivo de aqueles elementos segundo sexan utilizados.
- Pon en disposición de valorar unha obra polo análise de cada un do seus elementos e pola consideración do conxunto.

Saber facer:

1. Proporciona as técnicas axeitadas para cada forma de linguaxe plástico.
2. Axuda a selección das técnicas que mellor se acomoden a cada necesidade de expresión, fomentando a investigación e a creatividade.
3. Conduce ó uso das técnicas con rigor, exactitude e precisión esixibles en cada momento da aprendizaxe.

ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS:

Os grandes temas da expresión plástica e visual e audiovisual como son os trazados xeométricos, o debuxo expresivo, a cor , o volume, a composición ou os diferentes sistemas de representación organízanse de forma cíclica, correspondendo ó cursos primeiro a iniciación e o aprendizaxe dos conceptos básicos, a terceiro curso unha visión global máis en profundidade e a o cuarto curso unha maior especialización acorde co carácter optativo da materia neste curso.

PROCEDEMENTO DIDÁCTICO:

A secuencia didáctica de cada unha das unidades didácticas é uniforme e consta dos seguintes elementos:

- Presentación do tema: plantéxase o tema no seu contexto deixando claro o interese do seu estudio.

Exposición dos conceptos: adoptando unha liña clara e sistemática. O tópico é definido e explicado botando man as sinxelas experiencias que leven a comprensión e integración do concepto nos propios coñecementos, tanto nos temas que tratan de conceptos que pertencen ó deseño técnico como os que tratan de formas expresivas, amósanse desenrols procedimentais para a posteriori aplicalos en traballos de características semellantes permitindo un sólido aprendizaxe. Ó longo do desenrolo de cada unidade suxírense pautas para a exercitación do exposto e para a creación de novas imaxes.

ACTIVIDADES:

Podemos atoparnos con dous tipos de actividades

- Actividades directamente conectadas có tema que supoñen unha exercitación dos conceptos tratados ou son aplicación directa.
- Actividades creativas plantexadas a partir do concepto estudiado.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE:

Na Educación Plástica e Visual a atención a diversidade dos alumnos e alumnas reviste especial importancia debido a complexidade de algúns dos contidos do programa, e debe estar presente sempre na actividade docente para lograr os mellores resultados. Ó ter en conta as diferencias individuais de capacidades, motivación e interese dós alumnos e alumnas, posibilitan unha acción aberta dós profesores e profesoras, de forma que tanto o nivel dos contidos coma os plantexamentos didácticos poidan variar segundo as necesidades específicas da aula.

Esta atención a diversidade contemplase en tres planos: a programación, a metodoloxía e as actividades para reforzo e ampliación.

Atención a diversidade na programación:

A área de Educación Plástica e Visual e Audiovisual ten unha programación que contempla aqueles contidos nos que os alumnos mostran un nivel pouco homoxéneo. Tal é o caso da comprensión dalgúns aspectos que esixen un alto nivel de comprensión espacial ou un nivel de execución moi especializado.

Tendo en conta que non tódolos alumnos adquiren ó mesmo tempo e cá mesma intensidade os contidos tratados, a programación ten que asegurar un nivel mínimo para tódolos alumnos ó final da etapa, prestando oportunidades para recuperar o non adquirido no seu momento.

A programación cíclica da a oportunidade de volver a retomar os conceptos básicos para garantir en todo momento a súa comprensión por parte de tódolos alumnos. Por outra banda, a presenza de bloques de contidos en cada curso permite que cada alumno poida profundizar naquel campo no que ten maiores aptitudes ou reforzar os aspectos que non domina no nivel esixido.

Atención a diversidade na metodoloxía:

A metodoloxía e as estratexias didácticas concretas que van a utilizarse na aula tamén contemplan a diversidade de alumnos e alumnas. Ditas estratexias afectan fundamentalmente o ensino de conceptos e ós diferentes niveis de dificultade na proposta de actividades.

No ensino de conceptos, realizase a través de experiencias sinxelas que se poidan facer na aula. Permite respectar as diferencias individuais por meido da elección do proceso didáctico que mellor se acomode a cada alumno.

Nas formas de expresión realizadas a través das propostas de actividades, abrese unha gama de posibilidades de estimular a imaxinación.

Actividades de reforzo ou ampliación:

O profesor porá a disposición do alumno actividades que apoiem ou reforcen segundo as súas necesidades. Tamén permitirá a repetición das actividades que unha vez feitas as correccións oportunas o alumno poida presentalas melloradas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste curso, non é posible a día de hoxe, programar ningunha actividade dada a situación sanitaria actual.

Se melloraran as condicións e xurde algunha colaboración en talleres, charlas ou calquera outra actividade que consideremos enriquecedora, e relacionada cas nosas materias, para o noso alumnado participaremos nela.

COMPETENCIAS CLAVE

As Competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. As competencias xerais clave do currículo serán as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Éstas están concretadas por curso e materia máis adiante nesta programación.

DEPARTAMENTO

DE DEBUXO

IES AFONSO X O SABIO.Cambre

CURSO 2021-2022

Programación didáctica

**Educación Plástica, Visual
e Audiovisual.**

1º ESO

Índice

1.	<u>Introdución e contextualización</u>	3
2.	<u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis</u>	3
3.	<u>Obxectivos para Educación Plástica, Visual e Audiovisual</u>	4
4.	<u>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</u>	5
5.	<u>Concrecións metodolóxicas da materia</u>	25
6.	<u>Materiais e recursos didácticos</u>	25
7.	<u>Criterios de avaliación e cualificación do alumnado</u>	26
8.	<u>Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente</u>	27
9.	<u>Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes</u>	27
10.	<u>Plan de seguimento do alumnado repetidor</u>	28
11.	<u>Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados</u>	28
12.	<u>Medidas de atención á diversidade</u>	28
13.	<u>Concreción dos elementos transversais</u>	28
14.	<u>Actividades complementarias e extraescolares do departamento</u>	29
15.	<u>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora</u>	29
16.	<u>Accións de contribución ao proxecto lector</u>	30
17.	<u>Accións de contribución ao plan TIC</u>	30
18.	<u>Accións de contribución ao plan de convivencia</u>	30
19.	Adaptacións debidas a actual situación derivada do COVID - 19	

Introdución e contextualización

Esta é a programación de 1º Eso para o ano académico 2021/2022 que será impartida no IES Afonso X O Sabio. Está redactada tendo en conta o marco legislativo establecido por:

- [Lei Orgánica 2/2006](#), do 3 de maio, de Educación (LOE)
- [Lei Orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- [Decreto 86/2015](#), do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Orde ECD/65/2015](#), de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- [Orde do 15 de xullo de 2015](#) pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- [Real Decreto 665/2015](#), de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria
- [Resolución do 27 de xullo de 2015](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- [Orde do 28 de agosto de 1995](#) pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).
- [Orde do 21 de decembro de 2007](#) pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e [Orde do 23 de xuño de 2008](#), pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)

O DEPARTAMENTO DE DEBUXO do IES AFONSO X O SABIO

está composto polo seguinte profesorado:

MARTA MOREIRA GARCÍA

MARÍA FERNANDA MOLTÓ ROIBAL

DEBUXO 3 compartindo o resto do horario lectivo no Departamento de Matemáticas.

Os grupos que se reparten entre os membros do departamento por materias son os

seguintes:

5 grupos de EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL de 1º da ESO.
(1 grupo de Sección Bilingüe Inglés)

6 grupos de EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL de 3º da ESO,
2 grupos de EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL de 4º da ESO.

1 grupo de DEBUXO TÉCNICO I de 1º BACH.

1 grupo de DEBUXO ARTÍSTICO I de 1ª BACH.

1 grupo de DEBUXO TÉCNICO II de 2º BACH.

1 grupo de DEBUXO ARTÍSTICO II de 2ª BACH.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas. O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia facilitando a avaliación competencial do alumnado. Este perfil competencial pode extraerse da táboa do apartado 4 que reflicte a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias clave sinaladas pola normativa en vigor.

Obxectivos para Educación Plástica, Visual e Audiovisual

Os obxectivos para Educación Plástica, Visual e Audiovisual que se expoñen a continuación son os referentes propios da asignatura que contribúen de forma significativa e aportan matices a outros referentes “marco” que son os xerais da etapa educativa e que conforman as expectativas que se quere que o alumnado acade desde un punto de vista integrador e global. (expóñense os obxectivos propios da materia e a continuación os xerais de etapa):

Obxectivos propios da materia:

- Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual no referente ós contidos básicos tratados ó longo do curso, especialmente nos pertencentes ó campo da xeometría, dos instrumentos de traballo e da percepción visual.

- Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
- Comprender a importancia da percepción visual, entendendo os compoñentes físicos, psíquicos e culturais que a determinan.
- Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes, dun xeito xeral e introdutorio.
- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Sensibilizar ó alumnado ante o goce artístico.
- Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas mediante o emprego dos instrumentos específicos do debuxo xeométrico.
- Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis axeitadas.
- Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
- Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
- Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.
- Obxectivos da Etapa:
 - a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
 - b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

1: En vías de adquisición.

2: Adquirido.

3: Avanzado.

4: Excelente.

1º de ESO

		Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Objetivos	Unidad didáctica	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Expresión plástica					
▪ ▪ ▪ b f n	Ud 1 Elementos básicos da imaxe: punto, línea e plano	B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano. B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.	B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.	EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	▪ CCEC
▪ ▪ ▪ b f n		B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade. B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.	B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.	EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	▪ CAA
				EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	▪ CSIEE
	Ud 2 Expresión plástica. Usos de la línea: trazo y grafismo			EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.	▪ CCEC
▪ ▪ ▪ ▪ a c d n o		B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.	B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.	EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	▪ CCL
▪ ▪ ▪ a f n	Ud 3 Composición: Equilibrio, ritmo, proporción	B1.7. Composición: elementos. B1.8. O ritmo na composición.	B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	▪ CCL
				EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	▪ CSIEE

		Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso				
Obxectivos	Unidad didáctica	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
				EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	CCEC CSIEE	
				EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	CCEC	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ n 	Ud 4 Color	B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura subtractiva. B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias.	B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias.	EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.	CSC	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ f ▪ o 	Ud 5 Texturas	B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	CSIEE	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g ▪ n 		B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	CCL	
					EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	CSC
					EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	CCEC
				EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	CAA	

		Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Obxectivos	Unidad didáctica	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i h o					
a c e h ñ o	Ud 7 Comunicación: funcións da imaxe e tipos de planos	B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.	B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.	EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	CSC
a d e f h o		B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.	EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.	CCL
				EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.	CD
		Bloque 3. Debuxo técnico			
b n o	Ud 9 Elementos xeométricos: paralelas e perpendiculares	B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.	B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	CAA
b f n o		B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º.	B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	CMCCT
b n o	Ud 10 Compás, ángulos e división da circunferencia	B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.	B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.	EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	CD
b f n o		B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.	EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	CMCCT
b o		B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos e posicións relativas. B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.	B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, retos e obtusos.	EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.	CSIEE
b f o		B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.	B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medidos.	EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	CMCCT

		Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Obxectivos	Unidad didáctica	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ o 		B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ o 	Ud 11 Suma y resta de segmentos. Escala aplicada a construción de polígonos	B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ o 		B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.	B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ o 		B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales.	EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
					EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ f ▪ o 	Ud 12 Lugares xeométricos: mediatriz e bisectriz. Construción de triángulos e cuadriláteros	B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz.	B3.11. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisección, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ n ▪ o 		B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.	EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n ▪ o 		B3.14. Construción de triángulos.	B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).	EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 		B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.	B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.	EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 		B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun.	B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicarlas con propiedade á construción destes.	EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ n 		B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades.	B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.	EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC

		Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Obxectivos	Unidad didáctica	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ f ▪ n		B3.18. Construción de cuadriláteros.	B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.	EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	▪ CAA
▪ b ▪ f ▪ n	Ud 13 Polígonos 3-5 lados inscritos.	B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	▪ CCEC
▪ b ▪ f ▪ n ▪ o		B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.	EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	▪ CMCCT

Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía no ensino desta área ten que ser activa, para que tras unha introdución teórica, o alumno sexa capaz de experimentar de xeito práctico os contidos que se van fornecendo ó longo do curso. Con asiduidade se realizarán actividades de observación, interpretación e apreciación, tanto da natureza como de obras feitas polo home. Tamén é importante desenvolver a capacidade de autoexpresión e autoaprendizaxe a partir da experimentación con distintos materiais, técnicas e soportes. Haberá que partir sempre de coñecementos previos do alumno, para favorecer a súa motivación, traballar con experiencias cotiás e promover situacións de aplicación inmediata do aprendido. As características da metodoloxía recomendable para a Educación Plástica e Visual pódense resumir nos seguintes puntos:

- **Actividade.** Na que os coñecementos se adquiren mediante a manipulación ou acción, sobre todo no que respecta ós procedementos, hábitos e actitudes, sendo aconsellable empregala tamén para os conceptos a través da representación, observación, comparación, análise, etc.
- **Investigación.** Na que o alumno ensaie as propiedades gráficas e expresivas dos distintos materiais (soportes, trazadores, pigmentos, aglutinantes), técnicas, estilos, novas tecnoloxías, combinacións destes, modos de expresión, etc.
- **Expositivo-descriptivo.** Para que o alumno poida argumentalos seus procesos de creación.
- **Análise crítica da súa propia obra** para poder melloralas sempre.
- **Globalizadora.** Que permita utilizar todo tipo de aprendizaxes anteriores na elaboración da obra creativa.
- **Creativa.** Buscando desenvolver a orixinalidade e o respecto á inventiva.
- **Socializadora.** Mediante a busca dun mellor entronque do individuo coa sociedade, de onde se extraen os exemplos.

- Individualizada. Particularizando para cada individuo, recoñecendo as diferencias iniciais e o distinto modo de asimilación de cada persoa.
- Con autonomía. Para que o alumno teña iniciativa e sexa capaz de elixir con responsabilidade asumida pola propia conduta.
- Aplicando a temporalización dos contidos de maneira seria pero flexible, permitindo ó profesor acomodar ou reacomodar os contidos durante o curso en canto a dinámica da clase así o requira.

Materiais e recursos didácticos

Libro dixital. Programa Edixgal.

Material didáctico creado polos profesores na aula virtual.

O Departamento ampliará os contidos e as diferentes propostas de carácter práctico directamente relacionadas cos estándares de avaliación, a través de:

- _ Leccións maxistras.
- _ Fotocopias e apuntes textuais específicos
- _ Libros de consulta na aula e na Biblioteca.
- _ Documentación e exemplificación teórico-práctica e multimedia a través do emprego e visualización de páxinas de referencia específicas da materia.
- _ Aplicacións específicas online artísticas e Debuxo Técnico..
- _ Visualización de contidos a través de Videos de Youtube.

Novas tecnoloxías: Ordenador na aula con conexión a internet, canón e pantalla de proxección. Para determinadas prácticas, o profesor e o alumnado de Debuxo empregará os ordenadores e aula de informática previa reserva da mesma.

Empregaráse tamén como apoio didáctico diario a pizarra tradicional clásica da aula de Debuxo.

Equipamento básico: cabaletes de pintura e de modelado, un tórculo de gravado, varios torsos e bustos de escaiola, cámara de video e fotográfica (do instituto), mesas regulables de debuxo.

Materiais artísticos: pinceis, espátulas, acuarelas, acrílicos, pigmentos, tintas de gravado, papel (necesidade de renovar parte do material funxible)

Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

OBXECTIVOS MÍNIMOS:

- 1.- Mellorar a percepción e interpretación de imaxes.
- 2.- Favorecer o coñecemento e aprecio do feito artístico.
- 3.- Aplicar a linguaxe plástica noutras áreas do currículo.
- 4.- Adquirir a terminoloxía propia da linguaxe plástica.
- 5.- Estimular a expresión creativa.
- 6.- Coñecer as diversas técnicas plásticas.
- 7.- Facer uso das destrezas adquiridas respecto de tódolos xeitos de expresión artística.
- 8.- Participación en actividades de grupo.
- 9.- Mostrar interese e autonomía no traballo.

AVALIACIÓN: CRITERIOS E MEDIOS:

- 1.- Traer o material e traballar no aula.
- 2.- Presentar o traballo na data fixada.
- 3.- Adecuación do resultado ó que se pedía.
- 4.- A correcta realización dos exercicios: limpeza e precisión.
- 5.- Resultados imaxinativos e persoais.
- 6.- Preocupación por aprender e mellorar e pola presentación dos resultados.
- 7.- Coidado do material e do mantemento da aula.
- 8.- Comportamento correcto na aula.
- 9.- Participar activamente nos traballos en grupo.

CALIBRACIÓN DA NOTA: CONVOCATORIA ORDINARIA: A avaliación será continua.

- **NOTA AVALIACIÓN:** 80% traballo diario de aula, pode conter un control 10 % (puntualidade na entrega) 10% (respecto no traballo de aula, atención e coidado do material, propio e alleo e traer sempre o material necesario, participar na clase e usar adecuadamente a aula virtual)

- O alumnado poderá ter a oportunidade de recuperar calquera dos exercicios .
- A calificación final da convocatoria ordinaria, será o resultado da media aritmética das calificacións obtidas en cada avaliación.

Na convocatoria de avaliación final ordinaria ,se o profesor o considera, pode artellar un exame final que avalíe os contidos globais do curso antes de emitir a calificación, para todo o grupo,ou para aqueles alumnos que o precisen por non ter alcanzado os contidos e obxectivos da materia. A proba de avaliación, de ser o caso, será unica e terá carácter global contemplando os contidos e estándares de avaliación desenrolados durante o curso.

A calificación final do curso na convocatoria extraordinaria se corresponderá coa nota alcanzada no examen extraordinario e as láminas ou traballos indicados para ese periodo. Neste caso a calificación será 70% examen+ 30% practicas.

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE:

A calificación será: 70% control + 30% prácticas, nas dúas convocatorias.

O control realizarase no mes de maio e as prácticas repartiranse en tres entregas.

Si o alumno suspende a convocatoria ordinaria, deberá entregar as prácticas,o día da convocatoria extraordinaria.

Indicadores de logro para avaliar o ensino e práctica docente.

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades

Cumprimento do proxecto lector	Nunca	As veces	A maioría das veces	Sempre
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da temporalización	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades

Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

O Departamento non conta a inicio de curso con ningún alumno/a coa materia de Epev pendente polo que non é necesaria unha organización sistemática de actividades de seguimento e avaliacións específicas.

De ser o caso, e chegado o momento, se un alumno/a se incorpora o centro de forma tardía durante o curso e este/a ten a materia de EpeV de 1º ESO pendente se lle fornecerá, despois de ter visto o expediente académico, dunha entrevista persoal e dun test de avaliación dos contidos xerais da materia de 1º ESO EpeV, das actividades necesarias de seguimento e avaliación oportunas acordadas ós mínimos esixibles para a consecución

positiva dos estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias básicas.

Plan de seguimento do alumnado repetidor

Segundo o Plan específico para o alumnado repetidor, e recollidas as dificultades individuais dos alumnos repetidores para superar os obxectivos desta materia durante o curso anterior, establécese un programa específico individual que inclúe actividades de aprendizaxe semanal. As actividades deben ser de execución sinxela, conceptualmente asequibles e que respondan de maneira obxectiva ós estándares de aprendizaxe e deberán complementar o conxunto de actividades propias que se desenvolvan na materia ou mesmo nalgún caso as podan substituír. Estas actividades poderán consistir en exercicios prácticos, actividades expositivas, actividades tipo test de identificación de elementos e relación de conceptos.

Este programa será comunicado aos tutores para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

Tamén se poderá informar ó alumnado con boletíns individualizados, de xeito semellante ó que se fai co alumnado con materias pendentes.

O profesor de materia informará ó titor dos aspectos académicos do alumnado mediante follas estandarizadas.

Neste grupo non hai ningún alumno/a nesa situación ó comezo do curso.

Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

O Departamento testeará os coñecementos e as capacidades acadadas directamente relacionadas coa materia polo alumnado da forma seguinte:

- Observación directa do desenvolvemento personal e actitudinal do alumno na aula durante as primeiras xornadas: puntualidade, atención, comportamento dentro da aula, acude as sesións co material necesario, escoita e participa, colaboración cos compañeiros, motricidade...

- Proba específica de testeo dos coñecementos e capacidades adquiridas no nivel educativo anterior.
- Cuestionario ou redacción que indague no coñecemento que teñen da materia e as expectativas e desexos que teñen sobre ela.

En función dos puntos anteriores o profesor que imparte docencia poderá coñecer de primeira man as necesidades educativas individuais de cada alumno e poderá adoptar diversas medidas que axuden a paliar deficiencias no proceso de aprendizaxe. Apoios e reforzos dentro e fóra da aula, adaptacións curriculares, adecuación dos instrumentos de avaliación máis axeitados para unha consecución positiva dos estándares e capacidades a desenvolver.

Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade, e estudando as necesidades de cada caso concreto, buscando a mellor maneira de axudar ó alumno para poder desenrolar o curso cas mesmas ou similares condicións que os demais compañeiros.

Concreción dos elementos transversais

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual é unha asignatura sustancialmente práctica na que se elaboran moitos traballos e propostas artísticas e comunicativas que contan coa imaxe como o seu elemento fundamental.

A través de traballos prácticos individuais e colectivos, de exposicións na aula e nos espazos expositivos previstos no instituto, de debates e proxeccións, achegarnos ás conmemoracións daqueles aspectos transversais de relevancia e de interese social e ambiental, marcados no calendario escolar ou como froito resposta á actualidade máis inmediata empregando o máximo posible as posibilidades das TIC e os espacios de comunicación e visibilización que presentan, a través da Web do instituto, blogs, pantallas, etc...

Algúnhas das cuestións que tratarán de maneira directa ou como ferramenta para falar doutras son as seguintes:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación emprendemento, e educación cívica e constitucional.

- Igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade.
- Respeto á orientación social de cada individuo e superación de clasismos, estereotipos e etiquetas.
- Traballo sobre a capacidade de empatía e educación sensible para mellorar o coñecemento persoal e a nosa posición no espazo social e rol que desempeñamos no mesmo.
- Educación ambiental para un emprego dos recursos e a capacidade de consumo sostible nun mundo global.
- Creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Valoración do Patrimonio como ben común a preservar, recoñecer e comunicar como riqueza e expresión dun pobo nun momento concreto da súa historia.
- Educación e seguridade viaria.

Actividades complementarias e extraescolares do departamento

En principio o departamento de Debuxo do IES Afonso X O Sabio está aberto a calquera iniciativa relacionada cos eidos que abranguen as materias de Educación Plástica e Visual , e Debuxo Técnico.

- Habitualmente colaboramos co Concello de Cambre nas iniciativas culturais que presenta: “Abril ilustrado”

- Biblioteca, na montaxe de exposicións, traballos de cartelería, instalacións, etc.

Todos os departamentos que desexen establecer experiencias conxuntas en determinados temas de interese común ó longo do curso

Actividades extraescolares, colaborando na produción de carteis, fondos de atrezzo, xornadas culturais, etc. Posibilidade de organizar-contratar durante o curso ben de maneira conxunta con outros Departamentos ou polo Departamento obradoiros no centro relacionados coa nosa materia.

Participación en concursos de carácter artístico e de contidos transversais.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

A taboa do apartado 8 será o instrumento necesario para avaliar en todo momento ó longo do curso a práctica docente e servirá para, de ser o caso, facer as oportunas modificacións e matizacións que conleven a unha mellor calidade e resultados nos procesos de ensino-aprendizaxe. Así, en cada trimestre, logo de cada avaliación faráse un seguimento pormenorizado dos logros de consecución positiva dos indicadores da táboa 8.

Accións de contribución ao proxecto lector

Todos os departamentos estamos implicados no mesmo, coordinados polo departamento de Lingua Galega. A nosa participación consiste de momento en:

- Práctica de lectura semanal de textos referentes á cultura e a arte, catálogos, novelas, revistas, cómics, etc... Elaboraránse sinópses, resumos, esquemas e se farán presentacións, exposicións e debates na aula.
- Proposta de adquisición de libros relacionados (directa ou indirectamente) cas artes ó equipo de biblioteca.

- Participación en proxectos relacionados coas actividades da biblioteca: ilustracións para relatos, creación de libriños, deseño de portadas de CD, etc.

En cumprimento do “plan lector” do centro este departamento adicará un tempo mínimo de 10 minutos á lectura en cada unha das materias, tanto á lectura de textos continuos (expositivos, descritivos e argumentativos) como discontinuos (en especial táboas, cadros, gráficas e diagramas).

Accións de contribución ao plan TIC

Na aula de Debuxo temos un ordenador con conexión a internet e un canón dixital. Isto permite tratar os contidos con proxeccións, tanto de imaxes (reproduccións de obras de arte, deseños, arquitectura, etc) coma de presentacións preparadas especialmente para ampliar os temas tratados. Ademais, usamos a miúdo a conexión a internet para consultar contidos en páxinas web ou en documentais colgados na rede. Ademais de enriquecer o tratamento dos contidos, resulta moito máis atractivo para o alumnado. O profesor fornece ademais o alumnado dun directorio de páxinas web e fontes específicas da materia para un mellor desenvolvemento da materia e como maneira de fomentar a consulta e formación activa paralela as clases. Ó longo do curso fomentamos o emprego das TIC por parte do alumnado empregando a Aula de Informática (cando sexa posible) e os ordenadores abalar coa finalidade de:

- Elaborar traballos para a súa exposición na aula por parte do alumnado empregando presentacións con diapositivas e traballos en diferentes formatos
- Facer prácticas, exercicios e resolución de problemas online dos diferentes temas tratados no currículo.
- Como fonte de información e consulta constante e multilingüística.

Accións de contribución ao plan de convivencia

O departamento contribúe ó plan de convivencia do centro cos seguintes obxectivos:

1. Educar ó alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
2. Educar no respecto á liberdade de conciencia e de conviccións relixiosas e morais, preservando a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
3. Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro, no ámbito da súa competencia.
4. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula e durante as actividades complementarias e extraescolares.
5. Manter a orde e poñer en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
6. Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias tomadas ó respecto.
7. Controlar as faltas de asistencia e retrasos dos alumnos, informando ós titores segundo o procedemento aprobado no noso centro.

19. Adaptación as características docentes derivadas do COVID – 19 Debido a que esta materia é continua, cíclica, acumulativa, e eminentemente práctica, non se farán cambios na materia seguindo o programación de cada curso. Cada profesor estará atento para axudar e guiar a cada alumno nas necesidades individuais e específicas que se vaian presentando na aula a diario.

A programación que se vai a empregar neste escenario , (mentres dure a emerxencia sanitaria) será a de clases invertidas:

A teoría e as inspiracións se exporán previamente na aula virtual a disposición de todo o noso alumnado.

Na aula se adicará o tempo a práctica, guiando ó alumnado e resolvendo calquer dúbida teórica ou práctica.

A corrección de cada exercicio será si é posible presencial e directa, e de non ser o caso, se fará por medios telemáticos, para garantir os dereito á educación de todo a alumnado.

As actividades complementarias e extraescolares non se levarán a cabo, a no ser que a situación sanitaria mellore e se normalice.

Curso académico 2021 / 2022

Departamento de DEBUXO
IES AFONSO X O SABIO
CAMBRE

Programación didáctica

**EDUCACIÓN
PLÁSTICA, VISUAL E
AUDIOVISUAL**

3º ESO

Índice

1.	<u>Introdución e contextualización</u>	3
2.	<u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis</u>	3
3.	<u>Obxectivos para Educación Plástica, Visual e Audiovisual</u>	4
4.	<u>Estándares de aprendizaxe avaliáveis</u>	5
5.	<u>Concrecións metodolóxicas da materia</u>	21
6.	<u>Materiais e recursos didácticos</u>	21
7.	<u>Criterios de avaliación e cualificación do alumnado</u>	22
8.	<u>Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente</u>	23
9.	<u>Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes</u>	23
10.	<u>Plan de seguimento do alumnado repetidor</u>	24
11.	<u>Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados</u>	24
12.	<u>Medidas de atención á diversidade</u>	24
13.	<u>Concreción dos elementos transversais</u>	24
14.	<u>Actividades complementarias e extraescolares do departamento</u>	25
15.	<u>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora</u>	25
16.	<u>Accións de contribución ao proxecto lector</u>	26
17.	<u>Accións de contribución ao plan TIC</u>	26
18.	<u>Accións de contribución ao plan de convivencia</u>	26
19.	Adaptacións á situación actual derivada do COVID - 19	

Introdución e contextualización

Esta é a programación de 3ºESO para o ano académico 2020/2021 que será impartida no IES Afonso X O Sabio. Está redactada tendo en conta o marco lexislativo establecido por:

- [Lei Orgánica 2/2006 , do 3 de maio](#), de Educación (LOE)
- [Lei Orgánica 8/2013](#) do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- [Decreto 86/2015](#) do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Orde ECD/65/2015](#) de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- [Orde do 15 de xullo de 2015](#) pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- [Real Decreto 665/2015](#) de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria
- [Resolución do 27 de xullo de 2015](#) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Orde do 28 de agosto de 1995](#) pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).
- [Orde do 21 de decembro de 2007](#) pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e [Orde do 23 de xuño de 2008](#), pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)

3º ESO organízase en 6 grupos. 3º EPV pertence ao bloque de materias específicas e correspóndenlle 2 horas semanais. Neste caso como son 6 grupos, 12 horas semanais en terceiro da ESO.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución

- a) Competencia en linguas (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas. O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia facilitando a avaliación competencial do alumnado. Este perfil competencial pode extraerse da táboa do apartado 4 que reflicte a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias clave sinaladas pola normativa en vigor

Obxectivos para Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

Os obxectivos para Educación Plástica, Visual e Audiovisual que se expoñen a continuación son os referentes propios da asignatura que contribúen de forma significativa e aportan matices a outros referentes “marco” que son os xerais da etapa educativa e que conforman as expectativas que se quere que o alumnado acade desde un punto de vista estrutural e integrador. (expóñense os obxectivos propios da materia e a continuación os xerais de etapa):

Obxectivos propios da materia:

- Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual no referente ós contidos básicos tratados ó longo do curso, especialmente nos pertencentes ó campo da xeometría, dos instrumentos de traballo e da percepción visual.
- Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
- Comprender a importancia da percepción visual, entendendo os compoñentes físicos, psíquicos e culturais que a determinan.
- Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes, dun xeito xeral e introdutorio.
- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Sensibilizar ó alumnado ante o goce artístico.
- Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas mediante o emprego dos instrumentos específicos do debuxo xeométrico.
- Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis axeitadas.
- Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
- Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
- Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

Obxectivos da Etapa:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou

circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

1: En vías de adquisición.

2: Adquirido.

3: Avanzado.

4: Excelente.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Expresión plástica							
b c d f g n	B1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	1ªAVAL	2	-Exercicios prácticos compositivos e analíticos. - Aplicación da metodoloxía proxectual - Exposición e presentación dos traballos na aula.	CAA
			EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas	1ªAVAL	2	-Exercicios prácticos compositivos e analíticos. - Aplicación da	CSIEE

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			múltiples aplicacións.			metodoloxía proxectual - Exposición e presentación dos traballos na aula.	
b d f g n	B1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.	EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	1ªAVAL	2	- Análise de composicións propias e alleas, oral/escrito/multimedia - Debate e posta en común na aula	CSIEE
a c d	B1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.	B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.	EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos	1ªAVAL	2	- Análise de imaxes e composicións, oral/escrito/multimedia	CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
fn	B1.4. O bosquexo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.		esquemáticos, analíticos e miméticos.			- Debate e posta en común na aula -Exercicios prácticos compositivos e analíticos.	
acdfn	B1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. B1.6. Temperatura da cor. B1.7. Simbolismo da cor.	B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	1ªAVAL	2	-Exercicios prácticos compositivos e analíticos. - Análise de composicións propias e alleas, oral/escrito/multimedia - Debate e posta en	CSIEE

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
						común na aula	
			EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	1ª AVAL	2	-Exercicios prácticos compositivos e analíticos. - Análise de composicións propias e alleas, oral/escrito/multimedia - Debate e posta en común na aula	CSC
			EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	1ª AVAL	2	-Exercicios prácticos compositivos e analíticos. - Análise de composicións	CSIEE

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
						propias e alleas, oral/escrito/multimedia - Debate e posta en común na aula	
b c f g n	B1.8. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	1ªAVAL	2	-Exercicios prácticos compositivos e analíticos. - Test sobre vocabulario e procedementos específicos. - Debate e posta en común na aula	CCL
			EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor,	1ªAVAL	2	-Exercicios prácticos	CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			<p>creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</p>			<p>compositivos e analíticos.</p> <p>- Test sobre vocabulario e procedementos específicos.</p> <p>- Debate e posta en común na aula</p>	
			<p>EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de</p>	1ª AVAL	2	<p>-Exercicios prácticos compositivos e analíticos.</p> <p>- Debate e posta en común na aula</p>	CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.				
			EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	1ªAVAL	2	-Exercicios prácticos compositivos e analíticos. - Debate e posta en común na aula	CAA
			EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	1ªAVAL	2	-Exercicios prácticos compositivos e analíticos. - Debate e posta en común na aula	CSIEE
			EPVAB1.5.6. Aproveita materiais	1ª/2ª/3ª AVAL	2	-Exercicios prácticos	CSC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			recicladados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.			compositivos e analíticos. - Observación e seguimento directo - Debate e posta en común na aula	
			EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	1ª/2ª/3ª AVAL	2	- Observación e seguimento directo.	CSC
	Bloque 2. Comunicación audiovisual						
a	B2.1. Percepción visual. Proceso	B2.1. Identificar os elementos e factores que	EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se	3ª AVAL	2	- Análise de imaxes,	CAA

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
didácticos	perceptivo. B2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.	interveñen no proceso de percepción de imaxes.	produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.			oral/escrito/multimedia. - Debate e posta en común na aula.	
avaliación	B2.3. Ilusións ópticas. B2.4. Leis ou principios da Gestalt.	B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.	EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	3ª AVAL	2	- Análise de imaxes, oral/escrito/multimedia. - Debate e posta en común na aula. - Emprego de vocabulario específico.	CSC
			EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	3ª AVAL	2	- Exercicios prácticos de carácter compositivo e	CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
						analítico.	
e g o	B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.	B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.	EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	2ª AVAL	2	- Análise de producións, televisivas, cinematográficas, videoarte, e multimedia, oral/escrito/multimedia. - Creación dun corto de animación empregando a técnica do stop motion.	CD
a c d	B2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.	B2.4. Identificar significante e significado nun signo visual.	EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual.	3ª AVAL	2	- Análise de imaxes, oral/escrito/multimedia. - Debate e posta en	CCL

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
f						común na aula.	
h							
a	B2.7. Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe.	B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	1ª/2ª/3º AVAL	2	- Análise de imaxes oral/escrito/multimedia. - Debate e posta en común na aula.	CCL
c	B2.8. Denotación e connotación.						
f							
h							
ñ			EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	3ª AVAL	2	- Análise de imaxes oral/escrito/multimedia. - Debate e posta en común na aula.	CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
e l n ñ o	B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.	B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	3º AVAL	2	- Análise de imaxes oral/escrito/multimedia. - Elaboración catálogo de imaxes. - Test visual de identificación. - Debate e posta en común na aula.	CCL
			EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	3º AVAL	2	- Exercicios específicos de carácter práctico, compositivos e analíticos.	CD
a	B2.10. Linguaxes visual e audiovisual:	B2.7. Utilizar de xeito axeitado as	EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes	3º AVAL	2	- Exercicios específicos de	CCL

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
c d e h	funcións e códigos.	linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.			<p>carácter práctico.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Emprego da metodoloxía proxectual e reparto e distribución ordenada das tarefas. - Debate eposta en común na aula. - Análise das producións de equipo oral/escrito/multimedia. - Exposición e presentación do proxecto na aula. 	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
a c d e o	B2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.	EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	3ª AVAL	2	- Análise de imaxes publicitarias, oral/escrito/multimedia. - Debate e posta en común na aula.	CSC
a c d e o	B2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.	B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.	EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	3ª AVAL	2	- Exercicios específicos de carácter práctico.	CCL
a c	B2.13. Cine. O cine como medio de comunicación.	B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu	EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa	3ª AVAL	2	- Análise de fragmentos de películas, ora/escrito/mul	CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
d f h i		contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.	cinematográfica en relación coa mensaxe.			timedia - Test de coñecementos básicos sobre a linguaxe cinematográfica e industria do cine. - Debate e posta en común na aula.	
e g i	B2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.	B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.	EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	1ª/2ª/3ª AVAL	2	- Emprego dos recursos multimedia propios e do instituto nos diferentes traballos tanto expositivos, como de análise individual	CD

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
						durante o curso.	
Bloque 3. Debuxo técnico							
b f g	B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	B3.1. Coñecer lugares xeométricos e definilos.	EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	2ª AVAL	2	- Debate e posta en común na aula. - Test de conceptos e definicións/proba de razonamento escrito. - Exercicios prácticos de identificación no entorno natural e urbano.	CCL
b	B3.2. Polígonos.	B3.2. Clasificar os	EPVAB3.2.1.	2ª AVAL	2	- Test visual de	CAA

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
f n	Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.			identificación e razonamento oral/escrito. - Exercicios prácticos de identificación no entorno natural e urbano. - Debate e posta en común na aula.	
b f n	B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado.	B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	2ª AVAL	2	- Exercicios prácticos de construción. - Exercicios prácticos de identificación no entorno	CMCCT

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
						natural e urbano.	
b e f g	B3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.	B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.	EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	2ª AVAL	2	- Exercicios prácticos de construción/explicación razonada dos principios das tanxencias que rixen cada exercicio. - Exercicios prácticos de identificación no entorno natural e urbano.	CMCCT
			EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente	2ª AVAL	2	- Exercicios prácticos de construción/explicación razonada dos	CA

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			as ferramentas.			principios das tanxencias que rixen cada exercicio. - Exercicios prácticos de identificación no entorno natural e urbano.	
b e f g	B3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.	B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.	EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	2ª AVAL	2	- Exercicios prácticos de construción - Exercicios prácticos de identificación no entorno natural e urbano.	CMCCT
b	B3.6. Propiedades e características das	B3.6. Analizar e estudar as propiedades	EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de	2ª AVAL	2	- Exercicios prácticos de	CSIEE

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
f o	tanxencias en óvalos e ovoides.	das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.	óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.			construcción - Exercicios prácticos de identificación no entorno natural e urbano.	
b f g n	B3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.	B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	2ª AVAL	2	- Exercicios prácticos de construcción e composición. - Exercicios prácticos de identificación no entorno natural e urbano.	CMCCT
b f	B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular.	B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de	EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e	2ª AVAL	2	- Exercicios prácticos de construcción/composición e	CD

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
g n	B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.	composicións con módulos.	simetrías de módulos.			analíticos. - Exercicios prácticos de identificación no entorno natural e urbano.	
b f n o	B3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivados. Vistas diédricas dun sólido.	B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.	EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	2ª AVAL	2	- Exercicios prácticos de construción. - Exame específico teórico/práctico. - Debate e posta en común na aula. - Emprego das principais fontes de	CMCCT

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
						información recomendadas sobre o tema.	
b f n o	B3.11. Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.	B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.	EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Exercicios prácticos de construción. - Exame específico teórico/práctico. - Debate e posta en común na aula. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. 	CMCCT
b	B3.12. Axonometría	B3.11. Comprender e	EPVAB3.11.1.	2ª AVAL	2	- Exercicios	CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
f n o	isométrica aplicada a volumes sinxelos.	practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.	Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.			prácticos de construción. - Exame específico teórico/práctico. - Debate e posta en común na aula. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema.	

Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía no ensino desta área ten que ser activa, para que tras unha introdución teórica, o alumno sexa capaz de experimentar de xeito práctico os contidos que se van fornecendo ó longo do curso. Con asiduidade se realizarán actividades de observación, interpretación e apreciación, tanto da natureza como de obras feitas polo home. Tamén é importante desenvolver-la capacidade de autoexpresión e autoaprendizaxe a partir da experimentación con distintos materiais, técnicas e soportes. Haberá que partir sempre de coñecementos previos do alumno, para favorecer a súa motivación, traballar con experiencias cotiás e promover situacións de aplicación inmediata do aprendido. As características da metodoloxía recomendable para a Educación Plástica e Visual pódense resumir nos seguintes puntos:

- **Actividade.** Na que os coñecementos se adquiren mediante a manipulación ou acción, sobre todo no que respecta ós procedementos, hábitos e actitudes, sendo aconsellable empregala tamén para os conceptos a través da representación, observación, comparación, análise, etc.
- **Investigación.** Na que o alumno ensaie as propiedades gráficas e expresivas dos distintos materiais (soportes, trazadores, pigmentos, aglutinantes), técnicas, estilos, novas tecnoloxías, combinacións destes, modos de expresión, etc.
- **Expositivo-descriptivo.** Para que o alumno poida argumenta-los seus procesos de creación. • **Análise crítica** da súa propia obra para poder melloralala sempre.
- **Globalizadora.** Que permita utilizar todo tipo de aprendizaxes anteriores na elaboración da obra creativa.
- **Creativa.** Buscando desenvolver-la orixinalidade e o respecto á inventiva.
- **Socializadora.** Mediante a busca dun mellor entronque do individuo coa sociedade, de onde se extraen os exemplos.
- **Individualizada.** Particularizando para cada individuo, recoñecendo as diferencias iniciais e o distinto modo de asimilación de cada persoa.
- **Con autonomía.** Para que o alumno teña iniciativa e sexa capaz de elixir con responsabilidade asumida pola propia conduta.
- **Aplicando a temporalización** dos contidos de maneira seria pero flexible, permitindo ó profesor acomodar ou reacomodar os contidos durante o curso en canto a dinámica da clase así o requira.

Materiais e recursos didácticos

Libro de texto: Os da plataforma eva edixgal.

O Departamento fornecerá os contidos e as diferentes propostas de carácter práctico directamente relacionadas cos estándares de avaliación, a través de:

- Leccións maxistrals.
- Fotocopias e apuntes textuais específicos

- Libros de consulta na aula e na Biblioteca.
- Documentación e exemplificación teórico-práctica e multimedia a través do emprego e visualización de páxinas de referencia específicas de Educación Plástica e Visual
- Aplicacións específicas online artísticas e Debuxo Técnico..
- Visualización de contidos a través de Videos de Youtube.

Novas tecnoloxías: Ordenador na aula con conexión a internet, canón e pantalla de proxección. Para determinadas prácticas, o profesor e o alumnado de Debuxo empregará os ordenadores e aula de informática previa reserva da mesma.

Empregaráse tamén como apoio didáctico diario a pizarra tradicional clásica da aula de Debuxo.

Equipamento básico: cabaletes de pintura e de modelado, un tórculo de gravado, varios torsos e bustos de escaiola, cámara de video e fotográfica (do instituto), mesas regulables de debuxo.

Instalación de auga: Dous piletas con auga para limpeza de material e tratamento de técnicas húmedas gráficas e escultóricas.

Materiais artísticos: pinceis, espátulas, acuarelas, acrílicos, pigmentos, tintas de gravado, papel (necesidade de renovar parte do material funxible)

Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado.

Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Para este curso pode extraerse da táboa do apartado 4. Nesta se propoñen o grao mínimo de consecución necesario dos estándares de aprendizaxe e o mesmo tempo aparecen os procedementos e instrumentos de avaliación que ademais de medir se se cumpren os mínimos esixibles permiten avaliar tamén a “cualidade de consecución dos mesmos”, e mesmo aportan outros valores que matizarán a nota final do alumno:

Teremos así unha dobre perspectiva na valoración do alumno/a.

Por un lado, se o alumno/a acada as competencias básicas co grao 2 (adquirido) en cada estandar , e por outro a valoración da “cualidade de consecución dese estandar” e doutros conceptos en tanto coñecementos, destrezas, actitudes, que se poñen en xogo en cada unha das propostas, exercicios, exames.

A cualificación numérica de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polos alumnos nos seguintes apartados, axustándose á ponderación seguinte:

Apartados Observacións Ponderación	Instrumentos de Avaliación	Observacións	Ponderación
A	Probas escritas, orais ou multimedia (exames) Láminas e traballos realizados na aula ou na casa, individuais ou en grupo.	Cada proba realizada como instrumento avaliador (escrita, oral ou multimedia), que terá un carácter de control, valorarase da mesma maneira que calquera lámina ou traballo do alumno, de	80,00%

		0 a 10 puntos, podendo expresarse cunha aproximación máxima de 0,5 puntos. A nota deste apartado será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas e traballos. Para que as probas escritas e orais fagan media nelas debe obterse unha puntuación mínima de 3 puntos. Cada nota parcial debe ser testemuña directa da consecución positiva dos estándares de aprendizaxe correspondentes e o grao de consecución dos mesmos.	
B	Rexistro de actitude e traballo na aula, do interese amosado pola materia, da participación nas sesións, do coidado do material propio e alleo, da limpeza e prontitude na entrega de tarefas, da relación cordial co alumnado e co profesor.	Dado que este apartado supón unha puntuación de 2 sobre 10 na nota total recomendo a valoración de 0,5 puntos nos seguintes conceptos: - Traer sempre o material preciso a clase 0,5 puntos - Actitude de traballo diario atención e participación. 0,5 puntos - Prontitude na entrega das tarefas. 0,5 puntos. - Limpeza e coidado dos traballos propios e alleos. 0,5 puntos.	20,00%

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Cumprimento do	Nunca	As veces	A maioría das	Sempre

proxecto lector			veces	
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da temporalización	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades

Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

AVALIACIÓN: CRITERIOS E MEDIOS:

O alumno realizará os traballos propostos pola xefa do departamento, que deberá entregar na data fixada. Tres entregas ó longo do curso. Así mesmo no mes de maio farase un exame sobre os exercicios feitos ó longo do curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.- Presentación do traballo na data fixada.
- 2.- Adecuación do resultado o que se pedía.
- 3.- A correcta realización dos exercicios: limpeza e precisión.
- 4.- Resultados imaxinativos e persoais.
- 5.- Preocupación pola presentación dos resultados.

CALIBRACIÓN DA NOTA:

ORDINARIA: 70% control + 30% prácticas

EXTRAORDINARIA: 70% control + 30% prácticas.

Un control no mes de maio e a realización de prácticas propostas pola Xefa do Departamento, repartidas en tres entregas.

Na extraordinaria se entregan os exercicios propostos e se realiza o exame.

CONTIDOS MÍNIMOS:

- 1.- Compoñentes da linguaxe visual.
- 2.- Usos da cor: realista, señalético, expresivo.
- 3.- Xeometría plana e procesos do deseño.
- 4.- Sistemas de representación: diédrico, axonométrico e perspectiva lineal.
- 5.- Debuxo artístico: materiais, técnicas e aplicacións.
- 6.- Procesos da configuración gráfica.
- 7.- A composición artística.
- 8.- A composición modular.
- 9.- Actitudes, valores e normas.

AVALIACIÓN: CRITERIOS E MEDIOS:

- 1.- Traer o material e traballar no aula.

- 2.- Presentación do traballo na data fixada.
- 3.- Adecuación do resultado o que se pedía.
- 4.- A correcta realización dos exercicios: limpeza e precisión.
- 5.- Resultados imaxinativos e persoais.
- 6.- Preocupación pola presentación dos resultados.
- 7.- Coidado do material e do mantemento da aula.
- 8.- Comportamento correcto no aula.
- 9.- Participar activamente nos traballos en grupo.

Plan de seguimento do alumnado repetidor

Segundo o Plan específico para o alumnado repetidor, e recollidas as dificultades individuais dos alumnos repetidores para superar os obxectivos desta materia durante o curso anterior, establécese un programa específico individual que inclúe actividades de aprendizaxe semanal. As actividades deben ser de execución sinxela, conceptualmente asequibles e que respondan de maneira obxectiva ós estándares de aprendizaxe e deberán complementar o conxunto de actividades propias que se desenvolvan na materia ou mesmo nalgún caso as podan substituír. Estas actividades poderán consistir en exercicios prácticos, actividades expositivas, actividades tipo test de identificación de elementos e relación de conceptos.

Este programa será comunicado aos titores para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

Tamén se poderá informar ó alumnado con boletíns individualizados, de xeito semellante ó que se fai co alumnado con materias pendentes.

O profesor de materia informará ó titor dos aspectos académicos do alumnado mediante follas estandarizadas.

Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

O Departamento testeará os coñecementos e as capacidades acadadas directamente relacionadas coa materia polo alumnado da forma seguinte:

- Observación directa do desenvolvemento personal e actitudinal do alumno na aula durante as primeiras xornadas: puntualidade, atención, comportamento dentro da aula, acode as sesións co material necesario, escoita e participa, colaboración cos compañeiros, motricidade...
- Proba específica de teste de coñecementos e capacidades adquiridas no nivel educativo anterior.
- Cuestionario ou redacción que indague no coñecemento que teñen do que é a materia e as expectativas e desexos que teñen sobre ela.

En función dos puntos anteriores o profesor que imparte docencia poderá coñecer de primeira man as necesidades educativas individuais de cada alumno e poderá adoptar diversas medidas que axuden a paliar deficiencias no proceso de aprendizaxe. Apoios e reforzos dentro e fóra da aula, adaptacións curriculares, adecuación dos instrumentos de avaliación máis axeitados para unha consecución positiva dos estándares e capacidades a desenvolver.

Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade.

Concreción dos elementos transversais

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual é unha asignatura sustancialmente práctica na que se elaboran moitos traballos e propostas artísticas e comunicativas que contan coa imaxe como o seu elemento fundamental.

A través de traballos prácticos individuais e colectivos, de exposicións na aula e nos espazos expositivos previstos no instituto, de debates e proxeccións, achegarnos ás conmemoracións daqueles aspectos transversais de relevancia e de interese social e ambiental, marcados no calendario escolar ou como froito resposta á actualidade máis inmediata empregando o máximo posible as posibilidades das TIC e os espacios de comunicación e visibilización que presentan, a través da Web do instituto, blogs, pantallas, etc...

Algúñas das cuestións que tratarán de maneira directa ou como ferramenta para falar doutras son as seguintes:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, emprendemento, e educación cívica e constitucional.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade.
- Respeto á orientación social de cada individuo e superación de clasismos, estereotipos e etiquetas.
- Traballo sobre a capacidade de empatía e educación sensible para mellorar o coñecemento persoal e a nosa posición no espazo social e o rol que desempregamos no mesmo.
- Educación ambiental para un emprego dos recursos e a capacidade de consumo sostible nun mundo global.
- Creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Valoración do Patrimonio como ben común a preservar, recoñecer e comunicar como riqueza e expresión dun pobo nun momento concreto da súa historia.
- Educación e seguridade viaria

Actividades complementarias e extraescolares do departamento

A Educación Plástica e Visual é un campo aberto ás relacións con outras materias e Departamentos:

Biblioteca, na montaxe de exposicións, traballos de cartelería, instalacións, etc.

Todos os departamentos que desexen establecer experiencias conxuntas en determinados temas de interese común ó longo do curso

Actividades extraescolares, colaborando na produción de carteis, fondos de atrezzo, xornadas culturais, etc.

Posibilidade de organizar-contratar durante o curso ben de maneira conxunta con outros Departamentos ou polo Departamento de obradoiros no centro relacionados coa nosa materia. Participación en concursos de carácter artístico e de contidos transversais.

Visitas a exposicións que se realicen no entorno, que sirvan de complemento para ampliar os coñecementos, pero tamén para coñecer a realidade no campo da plástica.

Por outra banda colaborando co Concello de Cambre, o alumnado de 3º de ESO acude ó Abril ilustrado onde teñe a oportunidade de facer un taller de banda deseñada con varios dos máis destacados debuxantes galegos

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

A taboa do apartado 8 será o instrumento necesario para avaliar en todo momento ó longo do curso a práctica docente e servirá para, de ser o caso, facer as oportunas modificacións e matizacións que conleven a unha mellor calidade e resultados nos procesos de ensino-aprendizaxe. Así, en cada trimestre, logo de cada avaliación faráse un seguimento pormenorizado dos logros de consecución positiva dos indicadores da táboa 8.

Accións de contribución ao proxecto lector

O longo do curso potenciarase o uso do libros de texto da materia, para que o alumno se concencie da importancia da lectura como medio de acadar os coñecementos necesarios.

O profesor axudará os alumnos para que a interpretación da linguaxe escrita sexa axeitada:

- Organizando a parte correspondente a tratar en cada sesión.
- Resolvendo as dúbidas de vocabulario, sobre todo das palabras propias dal materia, creando un diccionario de termos específicos.
- Pasará os alumnos a bibliografía, referida sobre todo os volumes existentes na biblioteca do centro, indicando as unidades coas que están relacionados.
- Recomendará a lectura en cada avaliación dalgún dos libros ou cómics da biblioteca.

Este Plan Lector avaliarase xunto cos outros contidos no control de cada avaliación :

- Cunha pregunta sobre vocabulario empregado.
- Outra pregunta na que a interpretación do texto lles permita a realización do exercicio proposto.

O Departamento porá a disposición dos alumnos a bibliografía recomendada, sobre todo do material da biblioteca do centro.

Accións de contribución ao plan TIC

Na aula de Debuxo temos un ordenador con conexión a internet e un canón dixital. Isto permite tratar os contidos con frecuentes proxeccións, tanto de imaxes (reproducións de obras de arte, deseños, arquitectura, etc) coma de presentacións preparadas especialmente para ampliar os temas tratados. Asemade, usamos a miúdo a conexión a internet para consultar contidos en páxinas web ou

en documentais colgados na rede. Ademais de enriquecer o tratamento dos contidos, resulta moito máis atractivo para o alumnado.

O profesor fornece ademais o alumnado dun directorio de páxinas web e fontes específicas da materia para un mellor desenvolvemento da materia e como maneira de fomentar a consulta e formación activa paralela as clases.

Ó longo do curso fomentamos o emprego das TIC por parte do alumnado empregando a Aula de Informática (cando sexa posible) e os recursos propios do alumnado coa finalidade de:

- Elaborar traballos para a súa exposición na aula por parte do alumnado empregando presentacións con diapositivas e traballos en diferentes formatos
- Facer prácticas, exercicios e resolución de problemas online dos diferentes temas tratados no currículo.
- Como fonte de información e consulta constante e multilingüística.

Accións de contribución ao plan de convivencia

O departamento contribúe ó plan de convivencia do centro cos seguintes obxectivos:

- Educar ó alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Educar no respecto á liberdade de conciencia e de conviccións relixiosas e morais, preservando a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro, no ámbito da súa competencia.
- Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula e durante as actividades complementarias e extraescolares.
- Manter a orde e poñer en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias tomadas ó respecto.
- Controlar as faltas de asistencia e retrasos dos alumnos, informando ós titores segundo o procedemento aprobado no noso centro.

19. Adaptación as características docentes derivadas do COVID – 19

Debido a que esta materia é continua, cíclica, acumulativa, e eminentemente práctica, non se farán cambios na materia seguindo o programación de cada curso. Cada profesor estará atento para axudar e guiar a cada alumno nas necesidades individuais e específicas que se vaian presentando na aula a diario.

A programación que se vai a empregar neste escenario , (mentres dure a emerxencia sanitaria) será a de clases invertidas:

A teoría e as inspiracións se exporán previamente na aula virtual a disposición de todo o noso alumnado.

Na aula se adicará o tempo a práctica, guiando ó alumnado e resolvendo calquer dúbida teórica ou práctica.

A corrección de cada exercicio será si é posible presencial e directa, e de non ser o caso, se fará por medios telemáticos, para garantir os dereito á educación de todo a alumnado. As actividades complementarias e extraescolares non se levarán a cabo, a no ser que a situación sanitaria mellore e se normalice, permitindo a programación de actividades de interés para a esta materia.

Curso 2020/2021

Departamento de Debuxo

IES AFONSO X O SABIO

CAMBRE

Programación docente

Educación Plástica, Visual e Audiovisual

4º ESO

Índice

0. Contextualización.....	3
0.1.Docencia de Educación plástica e visual de 4º de ESO.....	3
0.2.Alumnado de Educación plástica e visual de 4º de ESO.....	3
1. Contribución da área ao logro das competencias básicas.....	3
2. Obxectivos por curso.....	3
3. Contidos. Temporalización.....	4
3.1.1 Procesos comúns á creación artística.....	4
3.1.2 Expresión plástica e visual.....	4
3.1.3 Artes gráficas e deseño.....	5
3.1.4 Imaxe e son.....	5
3.1.5 Descrición obxectiva das formas.....	5
4. Criterios de avaliación.....	6
5. Mínimos esixibles para superar a materia.....	6
6. Instrumentos e procedementos de avaliación.....	7
7. Criterios de cualificación.....	7
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	8
9. Plans de seguimento das materias pendentes.....	8
10. Metodoloxía.....	8
11. Materias e recursos.....	9
12. Medidas de atención á diversidade.....	10
13. Tratamento transversal da educación en valores.....	10
13.1.Educación para a convivencia:.....	10
13.2.Educación do consumidor:.....	10
13.3.Educación non sexista:.....	10
13.4.Educación multicultural:.....	10
14. Educación en valores.....	10
14.1.Educación para a convivencia:.....	10
14.2.Educación do consumidor:.....	10
14.3.Educación non sexista:.....	10
14.4.Educación multicultural:.....	10
15. Accións de contribución ao proceso lector.....	10
16. Accións de contribución ao Plan TIC.....	11
17. Accións de contribución ao plan de convivencia.....	11
18. Actividades complementarias e extraescolares.....	12
19. Procedemento para avaliar a propia programación.....	12
20. Adaptación á emerxencia sanitaria do COVID- 19	

1. Contextualización

Esta programación está redactada tendo en conta o marco legislativo establecido por:

- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO (DOG do 13 de xullo)
 - Orde de 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da ESO (DOG do 12 de setembro)
 - Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro) e Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)
 - Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95)

1. Docencia EPV de 4º ESO

A materia é impartida pola profesora Fernanda Moltó.

2. Alumnado de EPV de 4º ESO

No curso actual hai 2 grupos de 4º de ESO .

2. Contribución da área ao logro das competencias básicas

As competencias básicas incluídas no novo currículo desenvólvense do seguinte xeito na área de Educación Plástica:

- Competencia en comunicación lingüística. Favorecida na área de EPEV ó integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes para expresar ideas, sentimentos e emocións.
- Competencia matemática. Desenvolvida ó tratar os contidos de xeometría e empregando a linguaxe simbólica matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Adquirida na nosa área ó utilizar procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise.
- Tratamento da información e competencia dixital. Moi desenvolvida na área de EPEV no contorno audiovisual e multimedia, empregando cada vez máis os recursos informáticos e a tecnoloxía dixital para a creación, estudo e análise de imaxes.
- Competencia social e cidadá. A EPEV supón un bo vehículo para o seu desenvolvemento, xa que a elaboración de traballos en grupo

axuda a promover actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e a adquisición de habilidades sociais.

- Competencia cultural e artística. Adquírese fundamentalmente a través desta área, xa que está presente ó longo de todo o currículo. Os alumnos e alumnas aprenden a mirar, ver, observar e percibir, e a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do patrimonio cultural propio e alleo, desde o coñecemento da linguaxe visual.
- Competencia para aprender a aprender. Trabállase coa reflexión sobre os procesos e a experimentación creativa.
- Autonomía e iniciativa persoal. Moi desenvolvida na EPEV, dado que todo proceso de creación implica a conversión dunha idea nun produto. Apréndese a desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e a autonomía persoal.

3. Obxectivos por curso

A finalidade deste curso optativo, será o desenvolvemento das capacidades seguintes polos alumnos:

- Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
- Coñecer o desenvolvemento da arte desde os seus inicios ata o momento actual, os principais movementos artísticos, a súa relación coa sociedade e feitos históricos coetáneos e o seu papel na historia.
- Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciala como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.
- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuindo á súa conservación e mellora.

- Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual, afondando no vocabulario relativo á historia da arte e os seus diferentes movementos e técnicas artísticas.
- Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva. Coñecer e empregar os diferentes sistemas de representación, especialmente o sistema cónico.
- Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis axeitadas.
- Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
- Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
- Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
- Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

4. **Contidos.**

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 4º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Expresión plástica. TEMA 1: As formas na natureza TEMA 2: A paisaxe urbana e a súa expresión na arte. TEMA 3: Aspectos plásticos da figura humana				
TEMPORALIZACION : 1 AVALIACION .				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a • c • d • e • h ▪ Recoñecer a importancia e influencia das formas naturais nas manifestacións artísticas. ▪ Expresarse facendo uso de formas naturais en composicións artísticas e de deseño, aplicando capacidade de análise e recursos estilísticos e compositivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> 1. .EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. 2. Diferencia as distintas estruturas das formas e obxectos. 3. Debuxa do natural contornos e formas. 4. Esquematiza graficamente estruturas vexetais/ animais. 5. Realiza composicións coidando a análise das formas e os elementos que as configuran e ordenan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • g 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Leis da composición. • B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. • B1.4. Cor como ferramenta simbólica. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 4º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• n			<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. • EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCEC
• b • c • e • g • n	<ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. • B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias. • B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. • EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSIEE • CCEC • CSIEE • CAA • CD
• b • c • e • g • n	<ul style="list-style-type: none"> • B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). • B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CCEC
• d • f • j • n	<ul style="list-style-type: none"> • B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. • B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. • EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CCEC • CSIEE • CCEC
TEMPORALIZACION : 2 AVALIACION				
. Bloque 2. Debuxo técnico. TEMA 7: Sistemas de representación				
• b • f • g • n	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. • B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. • B2.3. Tanxencias e enlaces. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo. • EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CAA • CMCCT

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 4º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• o	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos. 		<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CAA CMCCT
• b • f • g • o	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico. B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. B2.9. Perspectiva cónica central. B2.10. Perspectiva cónica oblicua. B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CAA CMCCT CAA CMCCT
• b • e • i • o	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT
Bloque 3. Fundamentos do deseño TEMA 4: Fundamentos do deseño TEMA 5: Deseño gráfico TEMA 6: Deseño publicitario				
• a • c	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 4º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> d f h l Valorar a importancia do deseño na sociedade actual. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Fases do proceso de deseño. B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. 	<p>cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.</p>	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> c e g i <p>Expresarse con propiedade nos campos do deseño máis próximos manifestando o seu nivel de comprensión, destreza e coñecementos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Campos de aplicación do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> b e f <p>Coñecer e diferenciar os distintos campos do deseño.</p>	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. B3.10. Planificación dun proxecto artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC CSIEE CCEC CSIEE CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 4º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. • EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSIEE • CCEC • CSIEE • CCEC
TEMPORALIZACION: 3 EVALUACION				
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia TEMA 9: A fotografía. TEMA 10: O cine TEMA 12: Creación de imaxes por ordenador				
<ul style="list-style-type: none"> • a • h • n • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. • B4.2. Realización dun storyboard. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. • EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSIEE • CCEC • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • e • l • n • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. • B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. • B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. • EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. • EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSIEE • CCEC • CD • CSIEE • CCEC • CD • CSIEE • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • a • e • f • g 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.6. Creación dixital de imaxes. • B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. • B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. • EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSIEE • CCEC • CD • CSIEE • CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 4º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CSIEE • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • f • h • n • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSIEE • CCEC

5. Criterios de avaliación

- Tomar decisións especificando os obxectivos e as dificultades, proponendo diversas opcións e avaliando cal é a mellor opción.

Este criterio pretende coñecer se as alumnas e os alumnos adquiren habilidades para teren autonomía, creatividade e responsabilidade no traballo.

- Utilizar recursos informáticos e novas tecnoloxías no proceso de elaboración da imaxe fotográfica, o deseño gráfico, o debuxo asistido por ordenador e a edición videográfica.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de utilizar diversidade de ferramentas da cultura actual relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación para realizar as súas propias creacións.

- Colaborar na realización de proxectos plásticos que requiren unha organización de formacooperativa.

Mediante este criterio inténtase comprobar se o alumnado é capaz de elaborar e participar, activamente, en proxectos cooperativos aplicando estratexias propias e adecuadas da linguaxe visual.

- Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diversidade de técnicas de expresión gráfico-plásticas (debuxo, volume, pintura, gravado...)

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado coñece distintos soportes e técnicas bidimensionais e tridimensionais.

- Utilizar a sintaxe propia das formas visuais do deseño e da publicidade para realizar proxectos concretos.

Con este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de distinguir nun obxecto simple ben deseñado os seus valores funcionais estéticos (proporción entre as partes, cor, textura, forma, etc.).

- Elaborar obras multimedia e producións videográficas utilizando as técnicas adecuadas ao medio.

Preténdese avaliar se o alumnado é capaz de recoñecer e integrar os procesos, as técnicas e os materiais utilizados no eido multimedia,

fotográfico, da animación, do son e videográfico, así como de utilizar as súas linguaxes específicas.

- Describir obxectivamente as formas, aplicando sistemas de representación e normalización.

Avalíase a capacidade de representar a realidade tal como se ve sobre un soporte bidimensional mediante operacións que non requiran operacións complicadas no seu trazado. Terase en conta a corrección do trazado xeométrico dos elementos utilizados, a súa adecuada relación entre distancia e tamaño e a súa disposición no espazo.

- Recoñecer e ler imaxes, obras e obxectos dos contornos visuais (obras de arte, deseño, multimedia...)

Preténdese coñecer se o alumnado é capaz de ter actitudes críticas e de aprecio e respecto cara as manifestacións plásticas e visuais do seu contorno.

6. Concrecións metodolóxicas da materia.

A metodoloxía no ensino desta área ten que ser activa, para que tras unha introdución teórica, o alumno sexa capaz de experimentar de xeito práctico os contidos realizarán actividades de observación, interpretación e apreciación, tanto da natureza como de obras feitas polo home. Tamén é importante desenvolve-la capacidade de autoexpresión e autoaprendizaxe a partir da experimentación con distintos materiais, técnicas e soportes. Haberá que partir sempre de coñecementos previos do alumno, para favorecer a súa motivación, traballar con experiencias cotiás e promover situacións de aplicación inmediata do aprendido. As características da metodoloxía recomendable para a Educación Plástica e Visual pódense resumir nos seguintes puntos:

- **Actividade.** Na que os coñecementos se adquiren mediante a manipulación ou acción, sobre todo no que respecta ós procedementos, hábitos e actitudes, sendo aconsellable empregala tamén para os conceptos a través da representación, observación, comparación, análise, etc.
- **Investigación.** Na que o alumno ensaie as propiedades gráficas e expresivas dos distintos materiais (soportes, trazadores, pigmentos, aglutinantes), técnicas, estilos, novas tecnoloxías, combinacións destes, modos de expresión, etc.

- Expositivo-descriptivo. Para que o alumno poida argumenta-los seus procesos de creación.
- Análise crítica da súa propia obra para poder melloralala sempre.
- Globalizadora. Que permita utilizar todo tipo de aprendizaxes anteriores na elaboración da obra creativa.
 - Creativa. Buscando desenvolve-la orixinalidade e o respecto á inventiva.
 - Socializadora. Mediante a busca dun mellor entronque do individuo coa sociedade, de onde se extraen os exemplos.
- Individualizada. Particularizando para cada individuo, recoñecendo as diferencias iniciais e o distinto modo de asimilación de cada persoa.
- Con autonomía. Para que o alumno teña iniciativa e sexa capaz de elixir con responsabilidade asumida pola propia conduta.
- Aplicando a temporalización dos contidos de maneira seria pero flexible, permitindo ó profesor acomodar ou reacomodar os contidos durante o curso en canto a dinámica da clase así o requira.

7. **Materiais e recursos didácticos**

Libro texto: O da plataforma Edixgal (recomendado como material de consulta). Material didáctico creado polos profesores na aula virtual.

O Departamento ampliará os contidos e as diferentes propostas de carácter práctico directamente relacionadas cos estándares de avaliación, a través de:

- Leccións maxistras.
- Fotocopias e apuntes textuais específicos
- Libros de consulta na aula e na Biblioteca.
- Documentación e exemplificación teórico-práctica e multimedia a través do emprego e visualización de páxinas de referencia específicas de Educación Plástica e Visual
- Aplicacións específicas online artísticas e Debuxo Técnico..
- Visualización de contidos a través de Videos de Youtube.

Novas tecnoloxías: Ordenador na aula con conexión a internet, canón e pantalla de proxección. Para determinadas prácticas, o profesor e o alumnado de Debuxo empregará os ordenadores e aula de informática previa reserva da mesma.

Empregaráse tamén como apoio didáctico diario a pizarra tradicional clásica da aula de Debuxo.

Empregaranse as instalacións de auga na aula de educación plástica para limpeza de material e tratamento de técnicas húmedas gráficas e escultóricas.

Equipamento básico: cabaletes de pintura e de modelado, un tórculo de gravado, varios torsos e bustos de escaiola, cámara de video e fotográfica (do instituto), mesas regulables de debuxo.

Materiais artísticos: pinceis, espátulas, acuarelas, acrílicos, pigmentos, tintas de gravado, papel (necesidade de renovar parte do material funxible)

8. Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

OBXECTIVOS MÍNIMOS:

- 1.- Mellorar a percepción e interpretación de imaxes.
- 2.- Favorecer o coñecemento e aprecio do feito artístico.
- 3.- Aplicar a linguaxe plástica noutras áreas do currículo.
- 4.- Adquirir a terminoloxía propia da linguaxe plástica.
- 5.- Estimular a expresión creativa.
- 6.- Coñecer as diversas técnicas plásticas.
- 7.- Facer uso das destrezas adquiridas respecto de tódolos xeitos de expresión artística.
- 8.- Participación en actividades de grupo.
- 9.- Mostrar interese e autonomía no traballo.

AVALIACIÓN: CRITERIOS E MEDIOS:

- 1.- Traer o material e traballar no aula.
- 2.- Presentar o traballo na data fixada.
- 3.- Adecuación do resultado ó que se pedía.
- 4.- A correcta realización dos exercicios: limpeza e precisión.
- 5.- Resultados imaxinativos e persoais.
- 6.- Preocupación pola presentación dos resultados.
- 7.- Coidado do material e do mantemento da aula.
- 8.- Comportamento correcto na aula.
- 9.- Participar activamente nos traballos en grupo.

Os contidos mínimos aparecen destacados en cor verde na programación.

CALIBRACIÓN DA NOTA:

AVALIACION ORDINARIA : A avaliación será continua, a cualificación da 3º Av, será igual á nota media das tres avaliacións.

- **NOTA AVALIACIÓN:**

- 80%: **traballo diario de aula**, adecuación as propostas e criterios establecidos. Pódese tamen realizar unha proba específica

- 10 % : **puntualidade** na entrega.

- 10% : **participación** na aula presencial ou virtual, **respecto polo traballo e normas de aula, coidado e hixiene** na aula, **traer e coidar do material**, propio e alleo.

- O alumnado poderá ter a oportunidade de recuperar calquera dos exercicios, ou realizar outros de reforzo, para mellorar o seu resultado e comprensión da materia que se esté a traballar.

Se o profesor o considera pode artellar unha proba final global que avalíe os contidos globais do curso no mes de Xuño.

- A calificación final do curso na convocatoria ordinaria: será o resultado da media aritmética das calificacións obtidas en cada avaliación.

ORDINARIA:

- 80% PRACTICAS+ 20 % Actitude e compromiso coa asignatura(medible e observable tal e como ven especificado nos criterios de 3 da ESO)
- A calificación final do curso na convocatoria extraordinaria: se corresponderá coa nota alcanzada na proba extraordinaria e as láminas ou traballos realizados Sempre que as circunstancias o permitan. De non ser posible realizar a proba avaliarase polos traballos realizados para a recuperación da materia.

*EXTRAORDINARIA: 70% proba + 30% prácticas.

PENDENTES: 70% proba + 30% prácticas.

A proba realizarase no mes de maio e as prácticas repartiranse en tres entregas coordinadas pola xefa do departamento.

Si o alumno suspende a convocatoria ordinaria, deberá entregar as practicas na convocatoria extraordinaria,

A avaliación se realizará igualmente 70% proba + 30% prácticas.

9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Cumprimento do proxecto lector	Nunca	As veces	A maioría das veces	Sempre
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos

Cumprimento da temporalización	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
--------------------------------	----------------------	---------------------	-------------------------	----------------------

10. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

O alumno realizará os traballos propostos pola xefa do departamento, que deberá entregar na data fixada. Tres entregas ó longo do curso. Así mesmo no mes de maio farase unha proba sobre os exercicios feitos ó longo do curso.

De ser o caso, e chegado o momento, se un alumno/a se incorpora o centro de forma tardía durante o curso e este/a ten a materia de EpeV de 1º ou 3º da ESO pendente se lle fornecerá, despois de ter visto o expediente académico, dunha entrevista persoal e dun test de avaliación dos contidos xerais da materia de 1º/ 3º ESO EpeV, das actividades necesarias de seguimento e avaliación oportunas acordadas ós mínimos esixibles para a consecución positiva dos estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias básicas.

11. Plan de seguimento do alumnado repetidor

Segundo o Plan específico para o alumnado repetidor, e recollidas as dificultades individuais dos alumnos repetidores para superar os obxectivos desta materia durante o curso anterior, establécese un programa específico individual que inclúe actividades de aprendizaxe. As actividades deben ser de execución sinxela, conceptualmente asequibles e que respondan de maneira obxectiva ós estándares de aprendizaxe e deberán complementar o conxunto de actividades propias que se desenvolvan na materia ou mesmo nalgún caso as podan substituír. Estas actividades poderán consistir en exercicios prácticos, actividades expositivas, actividades tipo test de identificación de elementos e relación de conceptos.

Este programa será comunicado aos titores para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

Tamén se poderá informar ó alumnado con boletíns individualizados, de xeito semellante ó que se fai co alumnado con materias pendentes.

O profesor de materia informará ó titor dos aspectos académicos do alumnado mediante follas estandarizadas.

Neste grupo non hai ningún alumno/a nesa situación ó comezo do curso.

12. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

O Departamento testeará os coñecementos e as capacidades acadadas directamente relacionadas coa materia polo alumnado da forma seguinte:

- Observación directa do desenvolvemento personal e actitudinal do alumno na aula durante as primeiras xornadas: puntualidade, atención, comportamento dentro da aula, acode as sesións co material necesario, escoita e participa, colaboración cos compañeiros, motricidade...
- Proba específica de teste de coñecementos e capacidades adquiridas no nivel educativo anterior.
- Cuestionario ou redacción que indague no coñecemento que teñen do que é a materia e as expectativas e desexos que teñen sobre ela.

En función dos puntos anteriores o profesor que imparte docencia poderá coñecer de primeira man as necesidades educativas individuais de cada alumno e poderá adoptar diversas medidas que axuden a paliar deficiencias no proceso de aprendizaxe. Apoios e reforzos dentro e fóra da aula, adaptacións curriculares, adecuación dos instrumentos de avaliación máis axeitados para unha consecución positiva dos estándares e capacidades a desenvolver.

13. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade, e estudando as necesidades de cada caso concreto, buscando a mellor maneira de axudar ó alumno para poder desenrolar o curso nas mesmas ou similares condicións que os demais compañeiros.

14. Concreción dos elementos transversais

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual é unha asignatura sustancialmente práctica na que se elaboran moitos traballos e propostas artísticas e comunicativas que contan coa imaxe como o seu elemento fundamental.

A través de traballos prácticos individuais e colectivos, de exposicións na aula e nos espazos expositivos previstos no instituto, de debates e proxeccións, achegarnos ás conmemoracións daqueles aspectos transversais de relevancia e de interese social e ambiental, marcados no calendario escolar ou como froito resposta á actualidade máis inmediata empregando o máximo posible as posibilidades das TIC e os espazos de comunicación

e visibilización que presentan, a través da Web do instituto, blogs, pantallas, etc...

Algúnhas das cuestións que tratarán de maneira directa ou como ferramenta para falar doutras son as seguintes:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, emprendemento, e educación cívica e constitucional.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade.
- Respeto á orientación social de cada individuo e superación de clasismos, estereotipos e etiquetas.
- Traballo sobre a capacidade de empatía e educación sensible para mellorar o coñecemento persoal e a nosa posición no espazo social e o rol que desempeñamos no mesmo.
- Educación ambiental para un emprego dos recursos e a capacidade de consumo sostible nun mundo global.
- Creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Valoración do Patrimonio como ben común a preservar, recoñecer e comunicar como riqueza e expresión dun pobo nun momento concreto da súa historia.
- Educación e seguridade viaria

15. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

En principio o departamento de Debuxo do IES Afonso X O Sabio está aberto a calquera iniciativa relacionada cos eidos que abranguen as materias de Educación Plástica e Visual , e Debuxo

Técnico.

- Habitualmente colaboramos co Concello de Cambre nas iniciativas culturais que presenta: “Abril ilustrado”
 - Biblioteca, na montaxe de exposicións, traballos de cartelería, instalacións, etc.

Todos os departamentos que desexen establecer experiencias conxuntas en determinados temas de interese común ó longo do curso
Actividades extraescolares, colaborando na produción de carteis, fondos de atrezzo, xornadas culturais, etc.

Posibilidade de organizar-contratar durante o curso ben de maneira conxunta con outros Departamentos ou polo Departamento de obradoiros no centro relacionados coa nosa materia.
Participación en concursos de carácter artístico e de contidos transversais.

16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

A taboa do apartado 8 será o instrumento necesario para avaliar en todo momento ó longo do curso a práctica docente e servirá para, de ser o caso, facer as oportunas modificacións e matizacións que conleven a unha mellor calidade e resultados nos procesos de ensino-aprendizaxe. Así, en cada trimestre, logo de cada avaliación faráse un seguimento pormenorizado dos logros de consecución positiva dos indicadores da táboa 8.

17. Accións de contribución ao proxecto lector

Todos os departamentos estamos implicados no mesmo, coordinados polo departamento de Lingua Galega. A nosa participación consiste de momento en:

- Práctica de lectura semanal de textos referentes á cultura e a arte, catálogos, novelas, revistas, cómics, etc... Elaboraránse sinópses, resumos, esquemas e se farán presentacións, exposicións e debates na aula.
- Proposta de adquisición de libros relacionados (directa ou indirectamente) cas artes ó equipo de biblioteca.
- Participación en proxectos relacionados coas actividades da biblioteca: ilustracións para relatos, creación de libriños, deseño de portadas de CD, etc.

En cumprimento do “plan lector” do centro este departamento adicará un tempo mínimo de 10 minutos á lectura en cada unha das materias, tanto á

lectura de textos continuos (expositivos, descritivos e argumentativos) como discontinuos (en especial táboas, cadros, gráficas e diagramas).

18. Accións de contribución ao plan TIC

Na aula de Debuxo temos un ordenador con conexión a internet e un canón dixital. Isto permite tratar os contidos con frecuentes proxeccións, tanto de imaxes (reproduccións de obras de arte, deseños, arquitectura, etc) coma de presentacións preparadas especialmente para ampliar os temas tratados. Ademais, usamos a miúdo a conexión a internet para consultar contidos en páxinas web ou en documentais colgados na rede. Ademais de enriquecer o tratamento dos contidos, resulta moito máis atractivo para o alumnado. O profesor fornece ademais o alumnado dun directorio de páxinas web e fontes específicas da materia para un mellor desenvolvemento da materia e como maneira de fomentar a consulta e formación activa paralela as clases. Ó longo do curso fomentamos o emprego das TIC por parte do alumnado empregando a Aula de Informática (cando sexa posible) e os recursos propios do alumnado coa finalidade de:

- Elaborar traballos para a súa exposición na aula por parte do alumnado empregando presentacións con diapositivas e traballos en diferentes formatos
- Facer prácticas, exercicios e resolución de problemas online dos diferentes temas tratados no currículo.
- Como fonte de información e consulta constante e multilingüística.

19. Accións de contribución ao plan de convivencia

O departamento contribúe ó plan de convivencia do centro cos seguintes obxectivos:

- Educar ó alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Educar no respecto á liberdade de conciencia e de conviccións relixiosas e morais, preservando a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro, no ámbito da súa competencia.
- Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula e durante as actividades complementarias e extraescolares.
- Manter a orde e poñer en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.

- Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias tomadas ó respecto.
- Controlar as faltas de asistencia e retrasos dos alumnos, informando ós titores segundo o procedemento aprobado no noso centro.

19. Adaptación as características docentes derivadas do COVID – 19

Debido a que esta materia é continua, cíclica, acumulativa, e eminentemente práctica, non se farán cambios na materia seguindo o programación de cada curso. Cada profesor estará atento para axudar e guiar a cada alumno nas necesidades individuais e específicas que se vaian presentando na aula a diario.

A programación que se vai a empregar neste escenario , (mentres dure a emerxencia sanitaria) será a de clases invertidas:

A teoría e as inspiracións se exporán previamente na aula virtual a disposición de todo o noso alumnado.

Na aula se adicará o tempo a práctica, guiando ó alumnado e resolvendo calquer dúbida teórica ou práctica.

A corrección de cada exercicio será si é posible presencial e directa, e de non ser o caso, se fará por medios telemáticos, para garantir os dereito á educación de todo a alumnado.

A entrega de tarefas faráse a través da aula virtual, aínda que o alumnado poderá tamén facer a entrega en papel de ser requerido para a súa corrección.

As actividades complementarias e extraescolares non se levarán a cabo, a no ser que a situación sanitaria mellore e se normalice, permitindo a programación de actividades de interés para a esta materia.

Curso académico 2020 / 2021

Departamento de Debuxo

IES AFONSO X O SABIO .

CAMBRE

Programación didáctica

Debuxo Técnico (I)(II)

1º de BACH/2º de BACH.

Índice

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliados.....	3
3. Obxectivos para Debuxo Técnico (I)(II).....	4
4. Estándares de aprendizaxe avaliados.....	6
5. Concrecións metodolóxicas da materia.....	30
6. Materiais e recursos didácticos.....	31
7. Criterios de avaliación e cualificación do alumnado.....	31
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	33
9. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes.....	33
10. Plan de seguimento do alumnado repetidor.....	34
11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.....	34
12. Medidas de atención á diversidade.....	35
13. Concreción dos elementos transversais.....	35
14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.....	35
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.....	36
16. Accións de contribución ao proxecto lector.....	36
17. Accións de contribución ao plan TIC.....	36
18. Accións de contribución ao plan de convivencia.....	37
19. Adaptación da materia a emerxencia sanitaria do COVID - 19	

20. Introducción e contextualización

Esta é a programación de 1º Bach e 2º de Bach. para o ano académico 2020/2021, que será impartida no IES Afonso X O Sabio..

1º de Bach. Está redactada tendo en conta o marco legislativo establecido por:

- [Lei Orgánica 2/2006](#), do 3 de maio, de Educación (LOE)
- [Lei Orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- [Decreto 86/2015](#), do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Orde ECD/65/2015](#), de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- [Orde do 15 de xullo de 2015](#) pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- [Real Decreto 665/2015](#), de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato,

la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria

- [Resolución do 27 de xullo de 2015](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Orde do 28 de agosto de 1995](#), pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).
- [Orde do 21 de decembro de 2007](#) pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e [Orde do 23 de xuño de 2008](#), pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)

1º de Bach /Técnico I) organízase nun grupo de alumnos/as e será impartida por Ana Cuiñas, pertence ao bloque de materias específicas e correspóndenlle 4 horas semanais.

- **2ª Bach. Está redactada tendo en conta o marco lexislativo establecido por:**

DECRETO 126/2008, de 19 de Xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bachelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95)

21. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas. O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia facilitando a avaliación competencial do alumnado. Este perfil competencial pode extraerse da táboa do apartado 4 que reflicte a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias clave sinaladas pola normativa en vigor

22. Obxectivos para Debuxo Técnico (I)(II)

Os obxectivos para Debuxo Técnico I que se expoñen a continuación son os referentes propios da asignatura que contribúen de forma significativa e aportan matices a outros referentes “marco” que son os xerais da etapa educativa e que conforman as expectativas que se quere que o alumnado acade desde un punto de vista estrutural e integrador. (expóñense os obxectivos propios da materia e a continuación os xerais de etapa):

Obxectivos propios da materia:

Para **debuxo técnico I** os criterios son:

1. Utilizar adecuadamente e con destreza tanto os instrumentos como a terminoloxía específica do debuxo técnico.
2. Valorar a importancia que ten o correcto acabado e a presentación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, a súa exactitude e a limpeza e o coidado do soporte.
3. Considerar o debuxo técnico como unha linguaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.
4. Coñecer e comprender os principais fundamentos da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.
5. Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.
6. Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e acoutamento das vistas das formas descritas.
7. Conseguir a destreza e a rapidez necesarias ao empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.
8. Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.
9. Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.
10. Interesarse polas novas tecnoloxías e os programas de deseño, utilizando e valorando as súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.

Para Debuxo Técnico II os criterios son:

Para **debuxo técnico II** os criterios son:

1. Utilizar adecuadamente e con destreza tanto os instrumentos como a terminoloxía específica do debuxo técnico.
2. Valorar a importancia que ten o correcto acabado e a presentación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, a súa exactitude e a limpeza e o coidado do soporte.
3. Considerar o debuxo técnico como unha linguaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.

4. Coñecer e comprender os principais fundamentos da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.
5. Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.
6. Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e acoutamento das vistas das formas descritas.
7. Conseguir a destreza e a rapidez necesarias ao empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.
8. Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.
9. Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.

Obxectivos da Etapa:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

23. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

- 1: En vías de adquisición.
- 2: Adquirido.
- 3: Avanzado.
- 4: Excelente.

1º de Bacharelato.

Debuxo Tecnico I

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Trazados xeométricos. ▪ B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico. ▪ B1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza. ▪ B1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte. ▪ B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico. ▪ B1.6. Trazados fundamentais no plano. ▪ B1.7. Operacións con segmentos. ▪ B1.8. Mediatriz. ▪ B1.9. Paralelismo e perpendicularidade. ▪ B1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións. ▪ B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares. ▪ B1.12. Circunferencia e círculo. ▪ B1.13. Ángulos. ▪ B1.14. Trazado de polígonos regulares. ▪ B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos. ▪ B1.16. Representación de formas planas. ▪ B1.17. Trazado de formas proporcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1. 2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.18. Resolución gráfica de triángulos. ▪ B1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables. ▪ B1.20. Proporcionalidade e semellanza. ▪ B1.21. Análise de trazado de formas poligonais 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
--	---	--	--	---

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>por triangulación, radiación e itinerario.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas. ▪ B1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplicaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.24. Tanxencias e enlaces. ▪ B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións. ▪ B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais. ▪ B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial. ▪ B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías. ▪ B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D. ▪ B1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia. ▪ DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas. ▪ DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE

			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
--	--	--	--	---

Bloque 2. Sistemas de representación

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación. B2.2. Sistemas de representación na arte. B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación. B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación. B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección. B2.6. Clases de proxección. B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías. B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D. B2.9. Sistema diédrico. B2.10. Procedementos para a obtención das proxeccións diédricas. B2.11. Disposición normalizada. B2.12. Reversibilidade do sistema. Número de proxeccións suficientes. B2.13. Representación e identificación de puntos, rectas e planos. Posicións no espazo. Paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se dese ame amosar e dos recursos dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> CD
			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

	<p>intersección.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos. ▪ B2.15. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude. ▪ B2.16. Procedementos para a obtención e disposición das proxeccións diédricas. ▪ B2.17. Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas. ▪ B2.18. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoño as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.19. Sistema de planos cotados: aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoño de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.20. Sistema axonométrico. ▪ B2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución. ▪ B2.22. Sistema axonométrico ortogonal, perspectivas isométricas, dimétricas e trimétricas. ▪ B2.23. Sistema axonométrico oblicuo: perspectivas cabaleiras e militares. ▪ B2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplificada de formas circulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoño a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.25. Sistema cónico central. ▪ B2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, conside- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da po- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais. ▪ B2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos. ▪ B2.29. Representación simplificada da circunferencia. ▪ B2.30. Sistema cónico oblicuo. ▪ B2.31. Representación simplificada da circunferencia. ▪ B2.32. Representación de sólidos nos diferen- 	<ul style="list-style-type: none"> rando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final. 	<ul style="list-style-type: none"> sición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida. 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

	tes sistemas.		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 3. Normalización				
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Elementos da normalización consonte a normativa. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final. 	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas. B3.3. Formatos. Dobra de planos. B3.4. Vistas. Liñas normalizadas. B3.5. Aplicacións da normalización. B3.6. Escalas. Cotación. B3.7. Debuxo industrial. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos 	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas. DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CAA

Debuxo Tecnico 2 bach

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico				

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e g i l	<p>B1.1. Resolución de problemas xeométricos.</p> <p>B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.</p> <p>B1.3. Construción de figuras planas equivalentes.</p> <p>B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz.</p> <p>B1.5. Aplicacións.</p> <p>B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias.</p> <p>B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias.</p>	<p>B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	<p>DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.</p>	CCL
			<p>DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.</p>	CMCCT
			<p>DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.</p>	CAA
			<p>DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.</p>	CSIEE
			<p>DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	CMCCT
b d e g i l	<p>B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas.</p> <p>B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola.</p> <p>B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes.</p> <p>B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións.</p> <p>B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.</p>	<p>B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.</p>	<p>DT2.B1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.</p>	CCL
			<p>DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.</p>	CAA
			<p>DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.</p>	CSIEE
b d e	<p>B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións.</p> <p>B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas.</p>	<p>B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa</p>	<p>DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.</p>	CCL

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g i l	<p>Aplicacións.</p> <p>B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións.</p> <p>B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.</p> <p>B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia.</p> <p>B1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas.</p>	utilización.	DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.	CSIEE
			DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.	CMCCT
Bloque 2. Sistemas de representación				
b d e g i l	<p>B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico.</p> <p>B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.</p> <p>B2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.</p> <p>B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico.</p> <p>B2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións.</p> <p>B2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións.</p> <p>B2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.</p> <p>B2.8. Afinidade entre proxeccións.</p> <p>B2.9. Problema inverso ao abatemento.</p> <p>B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico.</p> <p>B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.</p> <p>B2.12. Determinación das súas seccións principais.</p> <p>B2.13. Representación de prismas e pirámides.</p>	B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.	DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.	CAA
			DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.	CSIEE
			DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.	CAA
			DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.	CSIE
b d e	<p>B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.</p> <p>B2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.</p>	B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus	DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.	CMCCT CAA

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g i l	B2.16. Interseccións. B2.17. Xiros, abatements ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.	elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.	DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.	CMCCT
			DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.	CMCCT
			DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.	CAA
b d e g i l	B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais. B2.19. Posición do triedro fundamental. B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema. B2.21. Determinación de coeficientes de redución. B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes. B2.23. Representación de figuras planas. B2.24. Representación simplificada da circunferencia. B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.	B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.	DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.	CMCCT
			DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.	CCEC
			DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	CMCCT
			Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos	
b d e g i l	B3.1. Elaboración de bosquexos, esbozos e planos. B3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual. B3.3. Proxecto: tipos e elementos. B3.4. Planificación de proxectos. B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas. B3.6. Elaboración das primeiras ideas.	B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.	DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.	CSC
			DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.	CMCCT
			DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.	CCEC

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.</p> <p>B3.8. Presentación de proxectos.</p> <p>B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.</p> <p>B3.10. Debuxo de bosquexos a man alzada e esquemas.</p> <p>B3.11. Elaboración de debuxos cotados.</p> <p>B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.</p>		<p>DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.</p>	CCEC
b d e g i l	<p>B3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.</p> <p>B3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.</p> <p>B3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.</p> <p>B3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.</p> <p>B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.</p>	<p>B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.</p>	<p>DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.</p>	CD
			<p>DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.</p>	CD
			<p>DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.</p>	CD
			<p>DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.</p>	CD

1º BACHARELATO DT1	
TRIMESTRE	BLOQUES TEMÁTICOS
TRIMESTRE 1	SISTEMAS DE REPRESENTACION:SISTEMA DIEDRICO
TRIMESTRE 2	XEOMETRIA PLANA
TRIMESTRE 3	SISTEMAS DE REPRESENTACION: AXONOMETRIA,CABALEIRA E NORMALIZACIÓN.

24. Concrecions metodoloxicas da materia

Como sinala o currículo oficial, esta materia propónse sintetizar os coñecementos xeométricos e de carácter convencional necesarios para lograr a representación gráfica dunha idea e a súa interpretación, e capacitar así o alumno dentro da área técnica, con vistas a un acceso non traumático en carreiras técnicas e superiores. En función destes obxectivos descompoñemos a materia dunha forma analítica e ordenase o seu contido segundo un criterio de progresión lóxica, do básico ó complexo, partindo do estudo previo dos elementos xeométricos propios do plano para abordar con posterioridade o estudo dos sistemas de representación e a complexidade da xeometría tridimensional.

APLICACIÓN DIDÁCTICA:

Para lograr unha boa asimilación de debuxo técnico, o contido de cada unidade didáctica resolveuse a través dos seguintes elementos:

- **Unha exposición introductoria** dos fins e intereses da mesma, sintetizando os contidos de cada lección, xustificando a necesidade de aprender os conceptos que se desenrolan e clarificando a súa implementación práctica na realidade.
- **Desenrolo do tema concreto**, apoiando a definición e descrición de conceptos abstractos con exemplos clarividentes, detallando paso a paso os procesos de trazado ata obter a solución, todo isto en paralelo a representación gráfica da mesma.
- **Actividades**: responden á dimensión práctica da materia imprescindible para un aprendizaxe significativo.
 - Están organizadas a partir de exercicios secuenciados segundo o grao de dificultade, cumprindo os requisitos de orden e progresividade.
 - Están contextualizadas e fomentan a comprensión e reflexión sobre o porqué dos procedementos, evitando a repetición e a mecanización.
 - Supervisan a asimilación dos contidos, favorecendo unha memorización comprensiva.

TEMPORALIZACION.

A temporalización é aproximada.

25. Materiais e recursos didácticos

Libro de texto:

O Departamento complementará os contidos e as diferentes propostas de carácter práctico directamente relacionadas cos estándares de avaliación, a través de:

- Leccións maxistras.
- Apuntes e exercicios específicos de Debuxo Técnico.

2º BACHARELATO DT2	
TRIMESTRE	BLOQUES TEMÁTICOS
TRIMESTRE 1	SISTEMAS DE REPRESENTACION:SISTEMA CONICO XEOMETRIA PLANA
TRIMESTRE 2	SISTEMAS DE REPRESENTACION:SISTEMA DIEDRICO
TRIMESTRE 3	SISTEMAS DE REPRESENTACION: AXONOMETRIA,CABALEIRA E NORMALIZACIÓN.

- Libros de consulta na aula e na Biblioteca.
- Documentación e exemplificación teórico-práctica e multimedia a través do emprego e visualización de páxinas de referencia específicas de Debuxo Técnico.
- Visualización de contidos de Debuxo Técnico a través de Videos de Youtube.
- Entrega e corrección de tarefas na aula virtual.

Novas tecnoloxías: Ordenador na aula con conexión a internet, canón e pantalla de proxección. Para determinadas prácticas, o profesor e o alumnado de Debuxo empregará os ordenadores.

Empregarase tamén como apoio didáctico diario a pizarra tradicional clásica da aula de Debuxo.

26. Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

7.1 Grao mínimo de consecución para superar a materia.

Para superar a materia o alumnado ten que acadar nun grao elemental como mínimo o 80% dos estándares de aprendizaxe.

7.2 Procedementos e instrumentos de avaliación

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Os **procedementos** de avaliación que empregaremos están organizados de forma xeral según os tres tipos de saberes asociados a diferentes instrumentos de avaliación que relacionamos a continuación: saberes relacionados cos contidos e coa execución práctica.

Elementos avaliáveis:

- Valoración do traballo individual.

- Dipoñibilidade do material necesario no momento requerido.
- Actitude respetuosa do alumno/a cos seus compañeiros/as da aula durante as clases, así como co profesorado da materia, segundo se establece nas normas de convivencia do centro (NOF ou RRI)

Instrumentos de avaliación:

- Rexistro de entrega de actividades

b) Saberes relacionados cos contidos

Elementos avaliáveis:

Establecerase o grao de consecución dos estándares de avaliación tendo en conta as rubricas para avalialos (ver anexo I).

- Comprensión dos exercicios
- Enfoque da resolución.
- Presentación claridade e limpeza.

Instrumentos de avaliación:

Observacion directa das prácticas realizadas na aula.

Calificación das prácticas realizadas na aula ou na casa.

Probos tipo exame con exercicios e cuestións que esixen resposta de tipo gráfico. Este tipo de probas deber seguir en xeral as seguintes pautas:

- Antes de cada exame, o profesorado deberá indicar previamente os contidos precisos sobre os que versa a proba e os estándares de aprendizaxe que se van avaliar:
- O exame puntuarase según os estándares de aprendizaxe a avaliar.
- Existirá unha correspondencia entre o grao de consecución e a puntuación da proba

CONTIDOS MINIMOS DEBUXO TECNICO I:

- 1.- Trazados no plano , lugares xeométricos,.
- 2.- transformacións xeométricas: xiro, traslacion, homotecia, afinidade e equivalencia.
- 3.- Polígonos.
- 4.- Tanxencias.
- 5.-curvas cónicas. curvas técnicas.
- 6.- Sistema diédrico: aplicación e teoría.
- 7.- Sistema axonométrico: aplicación e teoría
- 8.- Vistas: aplicación e teoría
- 9.- Normalización:aplicación e teoría

CONTIDOS MÍNIMOS DEBUXO TECNICO II:

(Segundo os criterios establecidos na prova de ABAU)

- 1.- Trazados no plano, proporcionalidade e semellanza.
- 2.- Potencia, tanxencias.
- 3.- Transformacións: homotecia e inversión.
- 4.- Sistema diédrico: aplicación e teoría.

5.- Sistema axonómico: aplicación e teoría

6.- Vistas: aplicación e teoría

7.- Normalización: aplicación e teoría

CALIBRACIÓN DA NOTA:

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Para este curso pode extraerse da táboa do apartado 4. Nesta se propoñen o grao mínimo de consecución necesario dos estándares de aprendizaxe e o mesmo tempo aparecen os procedementos e instrumentos de avaliación que ademais de medir se se cumpren os mínimos esixibles permiten avaliar tamén a “cualidade de consecución dos mesmos”, e mesmo aportan outros valores que matizarán a nota final do alumno:

Teremos así unha dobre perspectiva na valoración do alumno/a.

Por un lado, se o alumno/a acada as competencias básicas co grao 2 (adquirido) en cada estándar, e por outro a valoración da “cualidade de consecución dese estándar” e doutros conceptos en tanto coñecementos, destrezas, actitudes, que se poñen en xogo en cada unha das propostas, exercicios, exames.

A cualificación numérica de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polos alumnos nos seguintes apartados, axustándose á ponderación seguinte:

Apartados Observacións Ponderación	Instrumentos de Avaliación	Observacións	Ponderación
A	Probas obxectivas escritas, de carácter teórico e práctico (exames)	Media ponderada das cualificacións obtidas nas probas obxectivas a partir de 5 puntos de media entre elas.	50,00%
B	Traballos prácticos e teóricos individuais e en grupo (láminas, traballos expositivos..	Media aritmética das cualificacións parciais obtidas nos traballos prácticos	50,00%

2. OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL Ó CADRO ANTERIOR:

- É necesario **aprovar as probas cunha nota non inferior a 5 puntos**, de computo total no caso de ser probas ponderadas ou de media aritmética, para facer a ponderación co apartado B.
- A ponderación cos traballos prácticos unha vez acadada a nota media de cinco no total das probas de exame, farase sempre que a nota mellore a calificación do alumno/a.
- De non acadarse 5 puntos nas probas de exame a avaliación considerarase suspensa.
- Na nota final do curso poderá facerse un redondeo sempre que os decimais sexán maiores de 0.5, co cal poderá adxudicarse o valor enteiro seguinte.

- O alumnado poderá ter a oportunidade de recuperar calquera das tres avaliacións nunha proba final de avaliación. Se o alumno/a ten unha soa avaliación sen cualificación positiva poderá avaliarse só dos contidos desa avaliación nesa proba e no caso de ter dúas ou máis avaliacións sen cualificación positiva terá que avaliarse dos contidos globais do curso no mes de Xuño. Dita proba pode ter diferentes niveis de dificultade.
- A calificación final do curso ordinaria se corresponderá coa nota alcanzada no examen e non se valorarán as laminas ou traballos realizados ao longo do curso no caso de ter dúas avaliacións ou máis suspensas. No caso de ter unha sola avaliación suspensa esta fará media coa nota global do curso unha vez que se recupere.
- Na convocatoria extraordinaria a proba de avaliación será única e terá carácter global contemplando os contidos e estándares de avaliación desenvolados durante o curso. A calificación final do curso en setembro se corresponderá coa nota alcanzada no examen e non se valoraran as laminas ou traballos realizados ao longo do curso. Dita proba pode ter diferentes niveis de dificultade.

27. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Cumprimento do proxecto lector	Nunca	As veces	A maioría das veces	Sempre
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da temporalización	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades

28. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

O Departamento non conta a inicio de curso con ningún alumno/a coa materia de Debuxo Técnico I pendente polo que non é necesaria unha organización sistemática de actividades de seguimento e avaliacións específicas.

De ser o caso, e chegado o momento, se un alumno/a se incorpora o centro de forma tardía durante o curso e este/a ten a materia de Debuxo Técnico I pendente se lle fornecerá, despois de ter visto o expediente académico, dunha prova de avaliación dos contidos xerais da materia de Debuxo Técnico I e de ser o caso das actividades necesarias de seguimento actualización e avaliación oportunas acordadas ós mínimos esixibles para a consecución positiva dos estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias básicas que lle permitan cursar con aproveitamento o curso e recuperar a materia anterior.

Se un alumno/a de segundo curso ten a materia de primeiro curso pendente daraselle de ser posible acceso a aula virtual de primeiro curso.

Ao longo do trimestre se lle fixarán unha serie de exercicios de entrega e presentarse a unha proba parcial en febreiro (que pode consistir na entrega de tarefas) e a unha proba final de tipo exame en Maio.

29. Plan de seguimento do alumnado repetidor

Segundo o Plan específico para o alumnado repetidor, e recollidas as dificultades individuais dos alumnos repetidores para superar os obxectivos desta materia durante o curso anterior, establécese un programa específico individual que inclúe actividades de aprendizaxe semanal.

As actividades deben ser de execución sinxela, conceptualmente asequibles e que respondan de maneira obxectiva ós estándares de aprendizaxe e deberán complementar o conxunto de actividades propias que se desenvolvan na materia ou mesmo nalgún caso as podan substituír. Estas actividades poderán consistir en exercicios prácticos, actividades expositivas, actividades tipo test de identificación de elementos e relación de conceptos.

Este programa será comunicado aos titores para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

O profesor de materia informará ó titor dos aspectos académicos e evolución deste alumnado.

Se considerará que o alumno ha recuperado a materia si supera as probas de avaliación correspondentes ao curso.

30. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

O Departamento testeará os coñecementos e as capacidades acadadas directamente relacionadas coa materia polo alumnado da forma seguinte:

- Observación directa do desenvolvemento personal e actitudinal do alumno na aula durante as primeiras xornadas: puntualidade, atención, comportamento dentro da aula, acode as sesións co material necesario, escoita e participa, colaboración cos compañeiros, motricidade...
- Proba específica de testeio dos coñecementos e capacidades adquiridas no nivel educativo anterior.
- Cuestionario ou redacción que indague no coñecemento que teñen do que é a materia e as expectativas e desexos que teñen sobre ela.

En función dos puntos anteriores o profesor que imparte docencia poderá coñecer de primeira man as necesidades educativas individuais de cada alumno e poderá adoptar diversas medidas que axuden a paliar deficiencias no proceso de aprendizaxe. Apoios e reforzos dentro e fóra da aula, adaptacións curriculares, adecuación dos instrumentos de avaliación máis axeitados para unha consecución positiva dos estándares e capacidades a desenvolver.

31. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse as recollidas no Plan Anual de atención á diversidade.

32. Concreción dos elementos transversais

A materia de Debuxo Técnico I é unha asignatura sustancialmente práctica na que se elaboran moitos traballos e propostas de deseño e comunicativas que contan co debuxo, a imaxe e a planificación dos mesmos como o seu elemento fundamental.

A través de traballos prácticos individuais e colectivos, de exposicións na aula e nos espazos expositivos previstos no instituto, de debates e proxeccións, achegarnos puntualmente ás conmemoracións daqueles aspectos transversais de relevancia e de interese social e ambiental, marcados no calendario escolar ou como froito resposta á actualidade máis inmediata empregando o máximo posible as posibilidades das TIC e os espazos de comunicación e visibilización que presentan, a través da Web do instituto, blogs, pantallas, etc...

Algúnhas das cuestións que tratarán de maneira directa ou como ferramenta para falar doutras son as seguintes:

- ✓ Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, emprendemento, e educación cívica e constitucional.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade.
- Respeto á orientación social de cada individuo e superación de clasismos, estereotipos e etiquetas.
- Traballo sobre a capacidade de empatía e educación sensible para mellorar o coñecemento persoal e a nosa posición no espazo social e o rol que desempeñamos no mesmo.
- Educación ambiental para un emprego dos recursos e a capacidade de consumo sostible nun mundo global.
- Creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Valoración do Patrimonio como ben común a preservar, recoñecer e comunicar como riqueza e expresión dun pobo nun momento concreto da súa historia.
- Educación e seguridade viaria

33. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

O Debuxo Técnico I é un campo aberto ás relacións con outras materias e Departamentos, principalmente os do ámbito científico, matemáticas, tecnoloxía,..., pero tamén con outros, cando a sinerxia o requira elaborando proxectos conxuntos.

Tamén coa Biblioteca, na montaxe de exposicións, traballos de cartelería, instalacións, etc.

Posibilidade de visitar a escola de Arquitectura e Enxeñería de Camiños na Coruña.

Posibilidade de asistir a todas aquelas mostras e exposicións que estén directa o indirectamente relacionadas co debuxo técnico, a arquitectura e o deseño industrial na nosa xeografía Galega.

34. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

A taboa do apartado 8 será o instrumento necesario para avaliar en todo momento ó longo do curso a práctica docente e servirá para, de ser o caso, facer as oportunas modificacións e matizacións que

conleven a unha mellor calidade e resultados nos procesos de ensino-aprendizaxe. Así, en cada trimestre, logo de cada avaliación faráse un seguimento pormenorizado dos logros de consecución positiva dos indicadores da táboa 8.

35. Accións de contribución ao proxecto lector

O longo do curso potenciarase o uso do **libro de texto** da materia, para que o alumno se conciencie da importancia do uso da lectura, e como método para acadar os coñecementos necesarios.

Dado o nivel do alumnado ao que nos diriximos e a especificidade técnica da asignatura, as actividades lectoras dirixiranse estes cursos a asentar e afortalar a comprensión da linguaxe específica da disciplina.

A formación dun vocabulario específico e a comprensión da maneira propia de expresión de enunciados e resolucións do Debuxo Técnico será a nosa principal ocupación neste ámbito.

A avaliación da aplicación do Plan Lector en Bacharelato terá lugar, ademais de no transcurso cotiá das clases, nos exames trimestrais da asignatura, por medio da comprensión dos enunciados dos problemas propostos e/ou preguntas específicas sobre vocabulario propio da materia.

O Departamento porá a disposición dos alumnos a bibliografía recomendada, sobre todo do material da biblioteca do centro.

36. Accións de contribución ao plan TIC

A utilización das novas tecnoloxías no campo do debuxo técnico ten dúas vertentes diferenciadas:

Por unha banda, a búsqueda de información relativa á exposición da teoría da asignatura e á resolución dos distintos exercicios.

Esta búsqueda realizarase ao longo dos dous cursos de Bacharelato e para axilizala o profesorado facilitará ao alumnado as indicacións precisas que faciliten a tarefa.

Pola outra, procurarase a toma de contacto do alumnado cos programas de Debuxo Técnico de uso máis frecuente, en concreto do AUTOCAD.

Dado que o alumnado de 2º de Bacharelato ten o reto inmediato das probas de acceso á Universidade, o que centra e absorbe todos os seus esforzos, e non sendo o manexo de programas de Debuxo materia dese importante exame, realizaremos o desenrolo os temas relativos ao deseño asistido por ordenador durante o primeiro curso de Bacharelato.

Os exercicios a realizar mediante o CAD son do mesmo tipo que os realizados por métodos clásicos de debuxo e refírense aos mesmos temas, polo que non procede incluír temas novos porque non é o fin da programación da asignatura.

37. Accións de contribución ao plan de convivencia

O departamento contribúe ó plan de convivencia do centro cos seguintes obxectivos:

- Educar ó alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Educar no respecto á liberdade de conciencia e de conviccións relixiosas e morais, preservando a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro, no ámbito da súa competencia.

- Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula e durante as actividades complementarias e extraescolares.
- Manter a orde e poñer en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias tomadas ó respecto.
- Controlar as faltas de asistencia e retrasos dos alumnos, informando ós titores segundo o procedemento aprobado no noso centro.

15. Adaptación as características docentes derivadas do COVID

– 19

- Debido a que esta materia é continua, cíclica, acumulativa, e eminentemente práctica, non se farán cambios na materia seguindo o programación de cada curso. Cada profesor estará atento para axudar e guiar a cada alumno nas necesidades individuais e específicas que se vaian presentando na aula a diario.
- A programación que se vai a empregar neste escenario , (mentres dure a emerxencia sanitaria) será a de clases invertidas mediante a aula virtual.
- A teoría e as explicacións se exporán previamente na aula virtual a disposición de todo o noso alumnado. Tamén poderán empregar o libro de texto.
- A entrega de tarefas faráse exclusivamente a través da aula virtual, mediante escaneado, quedando rexistro telemático das entregas.
- As calificacións das tarefas serán visibles para o alumnado a través da aula virtual.
- Na aula se adicará o tempo a práctica, guiando ó alumnado e resolvendo calquer dúbida teórica ou práctica.
- A corrección de cada exercicio será si é posible presencial e directa, e de non ser o caso, se fará por medios telemáticos, para garantir os dereito á educación de todo a alumnado.
- As actividades complementarias e extraescolares non se levarán a cabo, a no ser que a situación sanitaria mellore e se normalice, permitindo a programación de actividades de interés para a esta materia.

Curso 2020 / 2021

Departamento de Debuxo

IES AFONSO X O SABIO

CAMBRE

Debuxo artístico

1º e 2º Bacherelato

Indice:

- 1.INTRODUCCIÓN
- 2.CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
- 3.OBXECTIVOS
- 4.CONTIDOS
- 5.TEMPORALIZACIÓN
- 6.GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA
- 7.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS
- 8. METODOLOXÍAS
- 9.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS
- 10.CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- 11.INDICADORES DO LOGRO PARA VALORAR O PROCESO DE ENSINO
- 12.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES
- 13.ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NA MATERIA
- 14.DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DO RESULTADO
- 15.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- 16.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS
- 17.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES
- 18.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS
- 19. ADAPTACIÓN A EMERXENCIA SANITARIA COVID - 19

PROGRAMACIÓN DA MATERIA

1º e 2 CURSO DE BACHARELATO DE DEBUXO ARTÍSTICO

1.INTRODUCCIÓN

O ser humano dende os seus primeiros anos de aprendizaxe utiliza o debuxo como medio de expresión, para entender e configurar o mundo que lle rodea.

O alumnado de bacharelato que cursa a materia de Debuxo Artístico, pode desenvolver esa capacidade innata para usar o debuxo nas súas múltiples posibilidades: expresiva, comunicativa, representativa, estética... É unha materia de gran importancia no bacharelato de modalidade de Arte polo seu carácter instrumental xa que profundiza nas destrezas que ha de aplicar noutras materias, sendo o debuxo unha ferramenta gráfica indispensable en todo proceso creativo, comunicativo e visual.

Fomentarse a interdisciplinaridade: imprescindible será a conexión con Debuxo Técnico, Técnicas de Expresión Gráfico Plásticas, Fundamentos da Arte, Cultura Audiovisual, Volume, Imaxe e Son e Deseño, así como outras áreas como Lingua e Literatura, Historia ou Filosofía; desta forma apórtase un valor global ó conxunto de ensinanzas que recibe o alumno e constrúense aprendizaxes significativos y un pensamento diverxente.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando a outras ensinanzas posteriores que o alumno poida cursar, xa sexan artísticas ou tecnolóxicas, sendo base imprescindible para a formación de profesionais creativos: Ensinanzas Artísticas Superiores, Ensinanzas Profesionais de Artes Plásticas y Deseño, Belas Artes e outras afíns, Ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas, interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiería, ilustración, deseño web, etc.

2.CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía adquiriranse mediante o estudo e representación del corpo humano e a natureza. Esta competencia relaciónase co desenvolvemento de

capacidades físicas, perceptivas y motoras, incorpora hábitos preventivos e paliativos coa saúde, hábitos de descanso e relaxación, posturas adecuadas, transporte de peso, incorpora la aplicación de nocións, conceptos científicos e técnicos de materiais no medio físico. A identificación dunha situación, aplicación de estratexias de resolución de problemas e selección de técnicas adecuadas para ó cálculo materiais ou resultados, representar e interpretar a realidade están incluídas en Debuxo Artístico I y II.

A competencia aprender a aprender conséguese fomentando a creatividade. O coñecemento de métodos creativos fará que o alumno sexa consciente do seu propio potencial creador, e favorecerá a súa autoestima e expresión persoal. Ó traballar as actividades ou proxectos dende a experimentación e a innovación o alumno adquirirá conciencia das súas propias capacidades do proceso e as estratexias necesarias para desenvolverlas, así como o que pode facer por si mesmo, coa axuda dos demais ou con outros recursos, tomando conciencia do que sabe, o que debe aprender e cómo facelo. Dende a motivación sacará proveito ó seu potencial, aumentando a súa seguridade para afrontar novos retos. Así, o alumno toma conciencia das capacidades que entran en xogo no proceso de aprendizaxe como la atención, memoria, concentración e así obter un rendemento máximo e personalizado das mesmas coa axuda de estratexias e técnicas: a observación, o estudo, rexistros, planificación e organización entre outros, incluídos os recursos tecnolóxicos

A materia fai necesaria a perseveranza e valoración no aprendizaxe. Conleva ser capaz de autoavaliarse e autorregularse, responsabilidade e compromiso persoal, administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender de si mesmo e dos compañeiros.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios da materia de Debuxo Artístico permiten ó alumno adquirir a competencia en comunicación lingüística que lle permitirá expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ó discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións, e disfrutar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe ademais ó desenvolvemento da autoestima e da confianza en si mesmo.

O alumnado adquirirá a competencia dixital dende a materia articulando habilidades para buscar, obter, procesar y comunicar información, e para transformala en coñecemento; incorporando diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes, unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Débase fomentar o traballo en equipo y a crítica construtiva, do seu traballo e o dos seus compañeiros, o que desenvolverá as competencias sociais e cívicas.

A materia de Debuxo está relacionada directamente coa adquisición da competencia conciencia e expresións culturais. É fundamental o coñecemento e valoración do Patrimonio Artístico con visitas a galerías y talleres de artistas; estas visitas terán que ser motivo de estudo, con actividades deseñadas para elo nas que o alumnado traballe e saque as súas propias conclusións. Desta forma foméntase no alumno a sensibilidade cara ó feito artístico que desenvolverá ó longo da súa vida, xa seguindo unha formación artística ou como espectador activo.

Cando o alumno traballa creativamente, desenvolve a capacidade crítica e aplícaa as súas propias creacións, así como ás do seus compañeiros e valora o feito artístico disfrutando del, sensibilizándose cara ó contorno como referente estético e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo. Así, poténciase a competencia de conciencia e expresión cultural, á vez que o sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

3.OBXECTIVOS

- a) Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.
- b) Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.
- c) Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.
- d) Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.
- e) Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade.
- f) Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.
- g) Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.
- h) Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.
- i) Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.

j) Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro

k) Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.

4. CONTIDOS

a) CONCEPTUAIS

Bloque 1. O debuxo como ferramenta **1ª AVALIACIÓN**

Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función. Expresión da subxectividade.

Recorrido histórico da utilización do debuxo.

Recorrido histórico dos materiais e procedementos empregados no debuxo. Terminoloxía específica.

Metodoloxías de traballo persoal. Limpeza, orde, respecto polo seu propio traballo e o alleo e creatividade.

Materiais, utensilios e soportes básicos.

Introdución ás técnicas secas e á súa aplicación.

Bloque 2. Liña e forma

Elementos básicos na configuración da forma.

A liña como elemento expresivo e configurador da forma. Partes vistas e partes ocultas.

Estrutura da forma.

Proporcionalidade entre elementos.

Puntos de vista. Relación de los diferentes elementos: visión, obxecto e contexto.

A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico.

Bloque 3. A composición e os seus fundamentos **2ª AVALIACIÓN**

Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.

Composición e encaixado.

Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro.

Leis de percepción visual.

Indicadores e termos de profundidade.

Grados de iconicidade no debuxo.

Composicións: simétrica/asimétrica, dinámica/estática, equilibrada/desequilibrada.

Recorridos visuais na imaxe.

Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura

La luz, principios físicos.

Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.

A mancha como elemento configuradora da forma e o volume.

O claroscuro. A construción das sombras. Valores tonais.

Texturas visuais.

Bloque 5. A cor 3ª AVALIACIÓN

Teoría del color. Características del color: matiz, valor e saturación.

Espazos ou dimensións cromáticas (monocromo, bicromo, tri o cuatricromo).

Aplicación dixital da cor.

Expresividade da cor nas diferentes manifestacións artísticas.

Relacións cromáticas.

b) PROCEDIMENTAIS

Bloque 1. O debuxo como ferramenta

Valoración e coñecemento da importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.

Creación, selección, relación e emprego con criterio da terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.

Utilización con propiedade dos materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.

Mantemento do espazo de traballo e do material en perfecto estado para a elaboración das actividades.

Emprego actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.

Bloque 2. Liña e forma

Realización de debuxos empregando a liña na descrición gráfica de obxectos, expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.

Representación de formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.

Comprensión e representación de formas desde distintos puntos de vista.

Descrición gráfica das formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.

Bloque 3. A composición e os seus fundamentos

Seleccionar os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade

Relacionar e representar as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.

Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura

Representación do volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráficas plásticas mediante valores lumínicos.

Coñecemento do valor expresivo e configurador da luz.

Observación e utilización da textura visual con procedementos gráficoplásticos co fins expresivos e configuradores en obras propias e alleas.

Bloque 5. A cor

Aplicación da cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.

Demostración do coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.

Aplicación de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.

Análise do uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.

5.TEMPORALIZACIÓN

O desenvolvemento temporal da materia estrutúrase no curso na división tradicional do mesmo en tres avaliacións, nas que se distribuirán os contidos do conxunto da materia coas correspondentes probas e valoracións de rendementos académicos que se farán figurar oficialmente nas actas parciais e final do curso académico. A distribución temporal de contidos en tres partes, correspondentes ás tres citadas avaliacións citadas, figuran especificadas no apartado anterior, na descrición dos contidos da materia.

6.GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

No seguinte apartado fíxanse de forma pormenorizada todos os procedementos que se seguen para valorar o rendimento e a consecución dos obxectivos que se pretenden lograr na materia e que se reflectirán oficialmente coa consecución dunha nota global de 5 na convocatoria ordinaria de xuño ou na extraordinaria de setembro.

Como síntese do que é necesario para superar a materia sinalaríamos como condicións mínimas facer e aprobar todas as prácticas que se poñan no curso e obter nos exames unha nota mínima que permita, facendo as correspondente medias que o profesor considere convenientes, cos demais aspectos da materia (especificados nos procedementos de avaliación), obter a devandita nota de 5 na cualificación final de curso.

7.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS

Neste apartado establécense un conxunto de criterios obxectivos que

permitan sistematizar a evolución do aprendizaxe ó longo do curso con vistas a elaboración de cualificacións prácticas e comprensibles polo alumno.

Para a valoración del rendemento do alumno terase en conta a asimilación dos conceptos explicados en clase, o desenvolvemento dos procedementos, mediante el correcto manexo dos instrumentos e a aplicación das técnicas de traballo e a actitude activa e continuada na realización dos temas propostos. Isto farase da forma seguinte:

Os aspectos conceptuais valoraranse na súa plasmación nos traballos de tipo práctico e mediante a realización de probas de carácter teórico.

Os procedementos de traballo avaliaranse por medio da observación directa de las tarefas realizadas periodicamente en clase, así como pola corrección dos exercicios terminados.

As actitudes valoraranse basicamente mediante a observación directa, analizando aspectos de continuidade en desenvolvemento do traballo.

As probas que se realicen perante o curso serán cualificadas cun código de notas numérico convencional, con valoración do 1 ó 10, situándose o aprobado no 5, nota mínima por debaixo da cal non se poderá aprobar a materia. En todo momento, o alumno coñecerá os resultados das probas efectuadas, así como as indicacións escritas que fagan entendible os criterios de cualificación. Ditas probas, unha vez corrixidas, se ensinarán en clase, para resolver posibles aclaracións, reclamacións ou erros nas notas que puidesen producirse, e posteriormente serán arquivadas ata o final do curso; unha vez concluído este, destruíranse.

Os exercicios prácticos realizados periodicamente polos alumnos e desenvolvidos en parte na clase e en parte na casa, segundo as características dos mesmos, serán cualificados .

Todas as prácticas serán corrixidas periodicamente e cualificadas con algunha das notas anteriormente indicadas e con anotacións ó marxe, se se considerase pertinente para maior claridade, se ensinarán en clase para que se comprendan os posibles erros e o alumno poida ter unha visión clara da evolución no seu método de traballo.

Todos os exercicios corrixidos pasan inmediatamente a posesión do profesor que deberá arquivalos ata final do curso .

Ó finalizar o curso, no mes de xuño, o resultado global será a media aritmética das distintas partes, cando todas resulten aprobadas. Se o alumno non supera a materia en Xuño, quedaría pendente de realizar a proba extraordinaria de setembro.

En setembro se presentará unha serie de exercicios nos que o alumno traballará ó longo do verán, que abranguerá toda a materia do curso, que se aprobará a partir da nota de 5 sobre 10 puntos, cualificación máxima que se poderá obter no mesmo.

CALIBRACIÓN DA NOTA

XUÑO:

80 % traballo diario de aula

10% actitude + ansia por aprender de forma proactiva.

10% puntualidade na entrega dos exercicios.

SEPTEMBRO:

100 % prácticas recomendadas para o verán.

8. METODOLOXÍA

O método de traballo responde a unha combinación de criterios teóricos e prácticos que pretenden desenvolver o contido deste curso dunha forma eficaz na aula.

O horario desta materia é de tres horas lectivas por semana.

Comezarase coa exposición teórica do tema, utilizando o material didáctico corrente, xiz e encerado, fotocopias, proxeccións, etc, e complementarase coa realización de prácticas relacionadas cos conceptos explicados.

Cando se considere oportuno, faranse probas prácticas, para sondar o nivel de coñecementos asimilados.

As clases prácticas levaranse a cabo dunha forma participativa pero ordenada, de maneira que exista o ambiente de traballo adecuado que permita efectuar a actividade nas mellores condicións posibles.

Fomentarase o sentido crítico e o aprendizaxe baseado na combinación de traballo persoal e observación e análise das tarefas desenvolvidas polos demais.

Valorarase especialmente todos os aspectos relacionados coa colaboración entre alumnos, como un método eficaz para acadar resultados óptimos. Nunca se promoverán situacións competitivas.

Farase especial fincapé no importante que resulta o esforzo persoal e o traballo continuado.

Empregaranse as tecnoloxías da información e comunicación nos aspectos que se consideren oportunos para o mellor desenvolvemento da materia e dependendo da dispoñibilidade dos mesmos. Estes consistirán basicamente na utilización do canón e pantalla conectados ó ordenador de aula, mediante o cal se poderán proxeccionar múltiples facetas relacionadas coa materia a impartir, tales como imaxes fixas ou en movemento, apuntes dixitalizados, consultas de distintos aspectos na rede etc.

Tamén se poderá contar con programas informáticos de software libre, relacionados coa materia.

Cara a final do curso, no terceiro trimestre, se propondrá facer un proxecto persoal artístico – creativo individual por parte do alumnado, que aúne todo o aprendido, e que axude a cada alumno a afondar no seu mundo interior e expresalo de forma creativa e orixinal. O resultado formará parte dunha exposición pública no hall do instituto para mostrar os progresos dos alumnos.

9.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Esta é unha materia artística e polo tanto desenvolverase basicamente mediante sistemas de debuxo tradicional, é dicir, lapis e papel, con todas as variantes posibles que sexan útiles didacticamente. Traballaremos polo tanto sobre papeis de diferentes tamaños e de distintas texturas, brancos ou con tonalidades, en caderno ou soltos, sobre a mesa, en taboleiros de tamaño adecuado ó caso concreto, ou sobre cabalete. O lapis e material auxiliar tamén se empregarán nas variantes que se consideren oportunas.

Tamén se usará material de apoio que se considere adecuado para traballar sobre as distintas partes da materia, especialmente distintos sistemas de pigmentos para desenvolver prácticas de cor.

As novas tecnoloxías tamén se poderán empregar para desenvolver aspectos que se consideren interesantes, como xa se indico ó falar de metodoloxía, neste caso o relevante sería o emprego dalgún programa informático de deseño gráfico ou tratamento de imaxes.

A clase desenvólvese por medio dos recursos correntes, mediante a explicación do profesor, a realización de esquemas no encerado, e o emprego de sistemas de proxección

A parte práctica desenvolverana os alumnos sobre mesas de debuxo ou empregando calquera tipo de material dos expostos anteriormente.

10,CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para valorar a evolución e aprendizaxe do alumno prestarase atención a unha serie de aspectos que permitan entender se se asimilaron correctamente os contidos do curso. Analizaranse os seguintes apartados:

Criterios de carácter xeral

- Características da evolución na execución dos traballos e madurez gráfica acadada.
- Nivel de comprensión dos conceptos desenvolvidos perante o curso.
- Creatividade nas propostas compositivas a partir dos temas explicados.
- Asimilación de conceptos teóricos e a súa aplicación nos exercicios prácticos.
- Desenvolvemento da capacidade de xerar ideas a traveso de bocexos e a súa concreción en traballos completamente terminados.
- Rigor na confección dun sistema de apuntes que permitan o apoio teórico necesario para efectuar correctamente os exercicios e assimilar os conceptos.
- Corrección no comportamento e colaboración no correcto funcionamento da clase.

Criterios específicos

- Valorar o debuxo como proceso creativo para fins artísticos tecnolóxicos ou científicos.
- Empregar os materiais de forma adecuada e dominar a terminoloxía

específica da materia.

- Ser capaz de representar graficamente obxectos naturais e artificiais coa madurez e destreza suficiente.
- Dominar o trazo e empregar a liña de forma adecuada como elemento básico de representación.
- Elaborar composicións, seguindo criterios de maior ou menor abstracción da forma.
- Comprender as leis básicas da percepción visual e aplicalas á representación de formas xeométricas ou orgánicas.
- Aplicar a técnica do claroscuro á representación de obxectos ou espazos.
- Ter sensibilidade cara á luz como elemento básico na configuración do mundo visible.
- Desenvolver as capacidades adecuadas para traballar co texturas visuais.
- Coñecer as relacións cromáticas e as técnicas gráfico-plásticas necesarias para expresarse coa cor.

11.INDICADORES DO LOGRO PARA VALORAR O PROCESO DE ENSINO

Farase un seguimento periódico de todo o proceso de traballo no desenvolvemento da materia, de maneira que se poidan analizar as súas características os acertos os erros e as posibles modificacións que permitan a súa mellora.

Parte deste seguimento quedará reflectido nas actas de reunións periódica de departamento, nas que se fará un estudo máis pormenorizado de resultados académicos, por cursos, a final de trimestre, de cara a reflexionar sobre posibles cambios de mellora ou incidir máis en aspectos relevantes da materia que puideran quedar insuficientemente desenvolvidos.

12.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Este apartado, aínda que figura como un aspecto que se debe tocar á hora de configurar as programacións académicas, neste caso concreto carece de sentido, xa que estamos desenvolvendo unha materia de 1º de Bacharelato que como inicio dun novo nivel académico carece de sentido falar de materias pendentes.

No caso de 2º de Bachelato, con pendente de 1º Bachelato, se preveen uns grupos de exercicios a presentar para superar a materia, ó longo do curso.

13.ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NA MATERIA

Para min este punto reflicte unha certa duplicidade xa que está perfectamente especificado o que ten que facer un alumno para cursar e aprobar a materia nos procedementos de avaliación, anteriormente sinalados e que criterios se empregarán para valoralo tal como aparecen indicados nos criterios de avaliación.

14. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DO RESULTADO

No curso de 1º de Bacharelato pártese dos coñecementos adquiridos polos alumnos en estudos anteriores, sobre todo durante a Educación Secundaria Obrigatoria, xa que a maior parte do programa de Debuxo Artístico xa se tratou na ESO. O que cambia nesta ocasión é a maior profundidade da materia e a insistencia na representación gráfica da realidade con maior ou menor creatividade ou maior ou menor grado de abstracción. Isto require a adquisición de novas dinámicas de traballo para acadar a técnica necesaria para lograr os obxectivos da materia.

Como desenvolver as destrezas necesarias en debuxo é un proceso lento, non resulta demasiado indicativo das condicións de partida do alumno unha proba clásica de coñecementos teóricas e quedará patente o seu nivel de formación con algún exercicio sinxelo de tipo práctico que poña de manifesto o seu nivel de formación en Debuxo Artístico. Se se considera necesario farase algunha proba deste tipo para determinar o nivel xeral de formación do curso e de cada alumno en particular.

15.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta é unha materia esixente e específica que ten que ser elixida polo alumno para poder ser cursada. Debese supoñer polo tanto, unha disposición mínima cara a mesma, tanto en afinidade persoal como en capacidade. Hai que pensar que todos os estudantes poden con esforzo acadar como mínimo o nivel de aprobado que se esixe na materia e por conseguinte, a atención á diversidade nestes niveis educativos non parece que teña a importancia que soe presentar na Ensinanza Secundaria, onde os alumnos teñen que formarse obrigatoriamente e manifestan unha mestura de intereses e capacidades dentro da aula.

Con todo isto, podemos dicir que existirá unha certa uniformidade que facilitará o aprendizaxe, e as pequenas diferenzas de nivel poderanse resolver sen grandes complicacións, con procedementos pedagóxicos sinxelos.

O número de alumnos por aula non soe ser moi grande e isto facilita unha atención personalizada.

16.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal. Non parece fácil nunha materia gráfica, de carácter artístico, centrada no manexo de técnicas de debuxo, falar de cuestións transversais ou ó menos a min non se me ocorre como facelo. Intentarase incidir dentro das limitadas posibilidades da materia en aspectos de non discriminación polo motivos que sexa, cando fagamos clases máis analíticas ou críticas relacionadas con temas que teñan que ver coa arte, en concreto co debuxo e a pintura ó longo da historia.

Non sei como se poderían tratar cuestións como o consumo, o coidado do medio ambiente ou a paz dende dentro desta materia. Polo tanto, todos estes temas tocaranse de forma moi tanxencial e cando veña ó caso dentro da dinámica interna da clase. Si que se pode facer fincapé en aspectos éticos de carácter máis xeral en todo o que teña que ver con valores negativos como a competencia insá ou a discriminación por razón de sexo, relixión ou calquera outro tipo de crenzas ou capacidades á hora de relacionarse e cooperar dentro e fora da aula.

17.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias centraríanse na realización de traballos creativos especiais que permitisen relacionar os aprendizaxes adquiridos con temas que se poidan extraer do contorno habitual do alumno. Podería tratarse da elaboración de propostas artísticas para temas relacionados co centro educativo, o barrio, a cidade; ou calquera outro contexto de interese que puidese xurdir.

Tamén abarcarían este tipo de actividades as saídas ó exterior para realizar visitas a obras de arte do contorno, cuestións relacionadas co patrimonio cultural ou exposicións de calquera tipo de representación artística, sempre que se considerase que ten interese educativo e pode ser apreciada e asimilada por alumnos das idades que comprende o sistema de ensinanza do que estamos tratando.

Cada curso procuraremos invitar a un profesional relacionado con traballos creativos para que nos dé unha charla sobre a súa experiencia persoal e profesional, o que pode resultar moi inspirador, dado que é un testemuño en primeira persoa. Estas charlas adoitan demostrar que se pode vivir de profesións de carácter artístico e creativo, e normalmente o factor común é a paixón ou necesidade de expresión persoal en diferentes linguaxes, o que considero será moi gratificante e motivador para o alumnado que decida cursar estudos artísticos en calquera das súas especialidades.

18.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Durante todo o curso farase un seguimento do proceso de aplicación da programación de cara a avaliar os seus posibles acertos, erros ou

modificacións que se considere necesario efectuar na mesma. As incidencias académicas faranse constar nas actas de reunión periódica do departamento e farase unha análise continuada sobre múltiples aspectos da mesma, observando cuestións que non funcionen ben, creen confusión ou dificulten a comprensión dos detalles nos que se quere incidir, ou prácticas que non resulten suficientemente claras ou non produzan os resultados previstos. Tamén se terá en conta a adaptación do temario ós tempos previstos para a súa execución, acurtando ou alongando aspectos do mesmo para axustalos ó programado, ou polo contrario modificando os tempos previstos na programación para darlle cabida a aspectos que non estaban previstos, pero que se observa o seu interese ó desenvolver o traballo de aula. De todas as cuestións indicadas e doutras que poidan xurdir farase unha análise resumo a final de curso, na memoria final, para ver a forma de introducilos no seguinte ano, intentando encaixar os aspectos que se consideren relevantes, da mellor maneira posible na programación do curso.

19. Adaptación as características docentes derivadas do COVID – 19

Debido a que esta materia é continua, cíclica, acumulativa, e eminentemente práctica, non se farán cambios na materia seguindo o programación de cada curso. Cada profesor estará atento para axudar e guiar a cada alumno nas necesidades individuais e específicas que se vaian presentando na aula a diario.

A programación que se vai a empregar neste escenario , (mentres dure a emerxencia sanitaria) será a de clases invertidas:

A teoría e as inspiracións se exporán previamente na aula virtual a disposición de todo o noso alumnado.

Na aula se adicará o tempo a práctica, guiando ó alumnado e resolvendo calquer dúbida teórica ou práctica.

A corrección de cada exercicio será si é posible presencial e directa, e de non ser o caso, se fará por medios telemáticos, para garantir os dereito á educación de todo a alumnado.

As actividades complementarias e extraescolares non se levarán a cabo, a no ser que a situación sanitaria mellore e se normalice, permitindo a programación de actividades de interese para a esta materia.

PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES NO DEPARTAMENTO DE DEBUXO

+ Durante a emerxencia polo COVID – 19 non se organizarán actividades complementarias presenciais polo principio de prudencia e para protexer a saúde de todo o persoal.

En principio o departamento de Debuxo do IES Afonso X O Sabio está aberto a calquera iniciativa relacionada cos eidos que abranguen as materias de Educacion Plástica e Visual e Audiovisual, o Debuxo Técnico, e o Debuxo Artístico.

- Habitualmente colaboramos co Concello de Cambre nas iniciativas culturais que presenta:
 - Visita á exposición do Certame de Pintura de Cambre (na 1º Avaliación)
 - Participación de todo o alumnado de 3º da ESO nos talleres de Banda Deseñada dentro das actividades do “Abril Ilustrado” (na 3º Avaliación)

- Visita a unha exposición relacionada con aspectos das Artes Plásticas , Deseño Industrial, Arquitectura , ... que o Departamento considere interesante para un curso en concreto ,que se programe ó longo do curso en Cambre, A Coruña ,ou Santiago de Compostela

- Participación nos programas:
“Fotografía en Curso” e “Cine en Curso”, organizado polo CGAI da Coruña.

- Colaboración con outros departamentos didácticos ou grupos de Dinamización en actividades realizadas dentro do centro cercanas á Plástica.

- Colaboración con Fundacions Culturais, outros organismos educativos ou culturais que nos propoñan algún proxecto que consideremos interesante para o noso alumnado.

- Coordinación de Proxectos de Arte desenvoltos no instituto, invitación de artistas diferentes ámbitos da Plástica para a realización de talleres cos alumnos e profesores , ou conferencias e mesas redondas para falar da súa traxectoria profesional.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. CURSO 2020 -2021

DEPARTAMENTO DE DEBUXO

+ Durante a emerxencia polo COVID – 19 non se organizarán actividades complementarias presenciais seguindo o principio de prudencia...

Información aproximada

ACTIVIDADE	DATA	LUGAR	CURSOS E ALUMNADO	TRANSPORT E	DURACIÓN APROXIMADA	DOCENTES RESPONSABLES
ABRILILUSTRADO	ABRIL	BIBLIOTECAS MUNICIPAIS	3º ESO. TODOS	Financiado polo Concello	1 mes, cada taller dura 2 h aprox.	Profesores do Dpto Debuxo
Contrato programa :	?		4º ESO, DEBUXO ARTISTICO I e II	Alumnado	?	Profesorado Dpto Debuxo
Contrato programa:	?	CGAI AULAS DEBUXO	4º ESO, DEBUXO ARTISTICO I e II	Alumnado	?	Profesorado Dpto Debuxo
	3º trimestre	Cambados , Pontevedra	?	?	?	Profesorado Dpto Debuxo
Visita a unha exposición de contido relativo ás artes plásticas	Todo o curso	Cambre / A Coruña	Todos os alumnos	?	?	?
Invitación a artistas para dar charlas ou	?	Nas aulas de Debuxo	4º ESO/ Bacherelato	Non Hai	?	Profesorado Dpto debuxo

talleres no centro						
Colaboración con outros departamentos en iniciativas que enriquezan a docencia da nosa materia	?	?	?	?	?	?
Colaboración com entidades educativas ou culturais que nos presenten un proxecto interesante para o noso alumnado	?	?	?	?	?	?

IES Afonso X. Cambre.
Departamento de DEBUXO
Plan Lector dentro da Programación do Departamento

ACTIVIDADES PLAN LECTOR
para 1º, 3º, e 4º da ESO
materia EPVA

O longo do curso potenciarase o uso do libros de texto da materia, para que o alumno se conciencie da importancia da lectura como medio de acadar os coñecementos necesarios.

O profesor axudará os alumnos para que a interpretación da linguaxe escrita sexa axeitada:

- Organizando a parte correspondente a tratar en cada sesión.
- Resolvendo as dúbidas de vocabulario, sobre todo das palabras propias da materia, creando un diccionario de termos específicos.
- Pasará os alumnos a bibliografía, referida sobre todo os volumes existentes na biblioteca do centro, indicando as unidades coas que están relacionados.
- Recomendará a lectura en cada avaliación dalgún dos libros ou cómics da biblioteca.

Este Plan Lector avaliarase xunto cos outros contidos no control de cada avaliación :

- Cunha pregunta sobre vocabulario empregado.
- Outra pregunta na que a interpretación do texto lles permita a realización do exercicio proposto.

O Departamento porá a disposición dos alumnos a bibliografía recomendada, sobre todo do material da biblioteca do centro.

BACHARELATO
DEBUXO TÉCNICO E DEBUXO ARTISTICO

ACTIVIDADES DO PLAN LECTOR

O longo do curso potenciarase o uso do **libro de texto** da materia, para que o alumno se conciencie da importancia do uso da lectura, e como método para acadar os coñecementos necesarios.

Dado o nivel do alumnado ao que nos diriximos e a especificidade técnica da asignatura, as actividades lectoras dirixiranse estes cursos a asentir e afortalar a comprensión da linguaxe específica da disciplina.

A formación dun vocabulario específico e a comprensión da maneira propia de expresión de enunciados e resolucións do Debuxo Técnico será a nosa principal ocupación neste ámbito.

A avaliación da aplicación do Plan Lector en Bacharelato terá lugar, ademais de no transcurso cotiá das clases, nos exames trimestrais da asignatura, por medio da comprensión dos enunciados dos problemas propostos e/ou preguntas específicas sobre vocabulario propio da materia.

No caso da materia de Debuxo Artístico, se fará uso da biblioteca e os seus fondos para o estudio da Historia da Arte e análise de diferentes resolucións gráficas, segundo as diferentes épocas, estilos artísticos.

O Departamento porá a disposición dos alumnos a bibliografía recomendada, sobre todo do material da biblioteca do centro.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN. Debuxo Artístico I e II. Bacherelato.

CRITERIOS E MEDIOS:

- 1.- Capacidade de resolución de problemas gráficos de representación, e expresión nas distintas posibilidades.
- 2.- Traer o material persoal e ter ansia de traballar na aula.
- 3.- Correcta realización dos exercicios: creatividade, limpeza e precisión.
- 4.- Presentar o traballo na data fixada.
- 5.- Coidado do material e do mantemento da aula.
- 6.- Comportamento correcto e respetuoso na aula.
- 7.- Respecto das indicacións dadas pola profesora para a realización das tarefas diarias.

CALIBRACIÓN DA NOTA:

ORDINARIA:

80% exercicios diarios de aula
+ 10% actitude na aula
+ 10% actitude na materia.

EXTRAORDINARIA:

100% exercicios

AVALIACIÓN Debuxo Técnico I e II

CRITERIOS E MEDIOS:

- 1.- Capacidade de resolución de problemas xeométricos e de representación.
- 2.- Traer o material e traballar na aula.
- 3.- Correcta realización dos exercicios: delineación, limpeza e precisión.
- 4.- Presentar o traballo na data fixada.
- 5.- Coidado do material e do mantemento da aula.
- 6.- Comportamento correcto na aula.

CALIBRACIÓN DA NOTA:

CONVOCATORIA ORDINARIA:

A avaliación será continua, o resultado a media aritmética das 3 avaliacións.

NOTA DE CADA AVALIACIÓN:

100% Media ponderada das probas de avaliación.

Cando a calificación nas probas de exame supera o 5 a calibración da nota pode aplicarse do seguinte modo:

50 % media ponderada dos exames

50% laminas ou tarefas realizadas

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA :

100% proba de avaliación.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL E AUDIOVISUAL ESO- TODOS OS CURSOS.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN : CRITERIOS E MEDIOS:

- 1.- Traer todo o material persoal necesario para traballar na aula.
- 2.- Presentar o traballo na data fixada.
- 3.- Adecuación do resultado ó que se pedía.
- 4.- A correcta realización dos exercicios: limpeza e precisión.
- 5.- Resultados imaxinativos e persoais.
- 6.- Preocupación pola presentación dos resultados.
- 7.- Coidado do material do departamento e do mantemento, limpeza e orde da aula.
- 8.- Comportamento correcto e respetuoso na aula.
- 9.- Participar activamente nos traballos en grupo.

CALIBRACIÓN DA NOTA:

CONVOCATORIA ORDINARIA: A avaliación será continua, o resultado a media aritmética das 3 avaliacións.

NOTA CADA AVALIACIÓN:

80% traballo diario + 10% actitude na aula + 10% actitude na materia.

*CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: 70% control + 30% prácticas.

PENDENTES: 70% control + 30% prácticas.